SABER FACER contigo

LIBRO DE RECURSOS

# 1 PRIMARIA Lingua


O **Libro de recursos** de **Lingua 1** para primeiro curso de primaria é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO
**Xenma Avellán Bisbal**
**Teresa Broseta Fandos**
**Ánxela Carril Caldelas**
**Victoria Gallego Pedraza**
**Luísa March Soler**
**Asela Masiá Flich**
**Xavier Molina Martí**
**Iñaki Moral Elola**
**Afonso Toimil Castro**
**Amparo Tortosa Sanz**

ILUSTRACIÓN
**M. Ángeles Aznar Medina**
**Azulamarillo**
**Mónica Calvo Gil**
**Eva Sans Ribera**
**Josep Vicó Crespo**

EDICIÓN EXECUTIVA
**Amparo Tortosa Sanz**
**Afonso Toimil Castro**

DIRECCIÓN DO PROXECTO
**Ana María Guerra Cañizo**

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA
**Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero**



SANTILLANA
OBRADOIRO



# Índice

**Presentación do proxecto Saber Facer contigo** ........... 7

**Símbolos utilizados no libro do alumnado** ................. 9

**Materiais do proxecto** ........................................ 10

**Estrutura da unidade** ........................................ 16

**Programación das unidades e banco de recursos** ........................................ 23

**Suxestións metodolóxicas e dimensións transversais** ........................................ 49

Comunicación oral ........................................ 51

Transcrición dos audios ........................................ 57

Competencia lectora ........................................ 83

Lectoescritura ........................................ 89

Expresión escrita ........................................ 95

Iniciación gramatical ........................................ 99

As dimensións transversais do proxecto ...................... 101

**Recursos fotocopiables. Avaliación** ........................ 105

O sistema de avaliación de Santillana ........................ 107

Avaliación de contidos ........................................ 111

Avaliación inicial ........................................ 112

Probas unidade 1 ........................................ 116

Probas unidade 2 ........................................ 120

Probas unidade 3 ........................................ 124

Probas unidade 4 ........................................ 128

Avaliación do primeiro trimestre ........ 132
Probas unidade 5 ........ 138
Probas unidade 6 ........ 142
Probas unidade 7 ........ 146
Probas unidade 8 ........ 150
Avaliación do segundo trimestre ........ 154
Probas unidade 9 ........ 160
Probas unidade 10 ........ 164
Probas unidade 11 ........ 168
Probas unidade 12 ........ 172
Avaliación do terceiro trimestre ........ 176
Avaliación final ........ 182
Avaliación por competencias ........ 187
Estándares de aprendizaxe e solucións ........ 197

**Recursos fotocopiables.**
**Atención á diversidade** ........ 227
Plan de mellora ........ 229
Unidade 0 ........ 230
Unidade 1 ........ 234
Unidade 2 ........ 240
Unidade 3 ........ 246
Unidade 4 ........ 253
Unidade 5 ........ 257
Unidade 6 ........ 262
Unidade 7 ........ 270
Unidade 8 ........ 278
Unidade 9 ........ 286
Unidade 10 ........ 290
Unidade 11 ........ 293
Unidade 12 ........ 296

Programa de ampliación ........ 299
Unidade 1 ........ 300
Unidade 2 ........ 301
Unidade 3 ........ 302
Unidade 4 ........ 303
Unidade 5 ........ 304
Unidade 6 ........ 305
Unidade 7 ........ 306
Unidade 8 ........ 307
Unidade 9 ........ 308
Unidade 10 ........ 309
Unidade 11 ........ 310
Unidade 12 ........ 311
Solucións ........ 313

**Recursos complementarios** ........ 323
A miña cartilla ........ 325
Soportes de escritura ........ 335
Fichas de caligrafía ........ 345

# Presentación do proxecto

SABER FACER contigo

Saber Facer é un proxecto de éxito, pero como a realidade educativa é cambiante, chegou o momento de actualizalo. Por iso naceu **Saber Facer Contigo**.

Saber Facer Contigo incorpora importantes innovacións metodolóxicas e pedagóxicas que os docentes nos reclamaron para a súa práctica educativa, de aí o seu nome. O obxectivo primordial é desenvolver no alumnado as capacidades imprescindibles para a futura cidadanía do século XXI:

## As habilidades de comunicación

A comunicación é un dos eixes esenciais do proxecto. A través de diferentes programas, presentes en todas as áreas, trabállanse as destrezas comunicativas:

- **Tempo para falar.** Comunicación oral.
- **Tempo para ler.** Competencia lectora.
- **Tempo para escribir.** Comunicación escrita.

## As destrezas de pensamento

Aprender a pensar e desenvolver o razoamento lóxico son outros dos eixes de Saber Facer Contigo. Para iso trabállanse as estratexias e as rutinas que cómpren para lograr unha aprendizaxe autónoma e eficaz, co obxectivo de que o alumnado adquira habilidades de pensamento de orde superior:

- Fortalecer a comprensión e sintetizar as ideas máis importantes.
- Reter e lembrar a información.
- Relacionar coñecementos entre si.

A interiorización destas estratexias e rutinas facilitará o control do pensamento e unha maior eficacia á hora de aplicar os novos coñecementos. Ao longo das unidades inclúese unha sección destinada ao adestramento do pensamento, que se destaca cun **sombreiro de cor azul**.

## A intelixencia emocional

A educación das emocións é esencial para a educación integral do alumnado. Os obxectivos fundamentais que se establecen en Saber Facer Contigo versan arredor destes aspectos:

- A identificación das emocións propias e alleas.
- A autoxestión e a regulación emocional.
- A expresión das emocións.
- As habilidades sociais e a empatía.

Un **sombreiro de cor vermella** enmarca as actividades e propostas encamiñadas de forma específica ao desenvolvemento da intelixencia emocional.

## A creatividade

A creatividade implica ter unha imaxinación viva, ser capaz de adaptarse a diferentes contextos e dar respostas orixinais a situacións ou problemas inesperados. Nos nosos libros traballanse basicamente estas capacidades:

– A busca de estratexias persoais e innovadoras.

– A utilización de formas creativas de expresión.

As actividades que implican poñer en xogo a creatividade de xeito especial identifícanse cun **sombreiro de cor verde**.

## O traballo cooperativo

Co obxectivo de que o alumnado desenvolva a súa capacidade de cooperar e sexan capaces de traballar xuntos para alcanzar un obxectivo común, neste proxecto propóñense actividades que requiren diferentes niveis de agrupamento:

– Traballo por parellas.

– Traballo en equipo.

– Traballo en grupo-clase.

Estas actividades identifícanse con distintas iconas.

Ademais, ao finalizar cada trimestre inclúese un pequeno proxecto denominado **Cooperamos**, en que se poñen en xogo diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa.

## A autorregulación da aprendizaxe

En Saber Facer Contigo o alumnado ten un papel activo no proceso de ensinanza e promóvese a reflexión persoal sobre a súa propia aprendizaxe, para mellorar o coñecemento de si mesmos e detectar fortalezas e debilidades.

Ao longo das unidades deste libro inclúense pequenas rúbricas para que os alumnos e as alumnas tomen conciencia do que aprenderon e valoren como o fixeron.

Para finalizar, e atendendo aos últimos avances da neurociencia, Saber Facer Contigo incorpora unha proposta de **GAMIFICACIÓN** para activar a emoción e a curiosidade do alumnado, grandes pancas da aprendizaxe. No proxecto ofrécense dinámicas propias do xogo que van axudar a transformar a aula, creando un ambiente estimulante e motivador.

# Símbolos utilizados no libro do alumnado



Esta icona indica as actividades en que se suxire traballar por parellas.



Esta icona indica as actividades e tarefas propostas para traballar en equipo.



Este símbolo indica que actividades hai que facer escoitando unha gravación.

## Sombreiros de cores




É o sombreiro do pensamento. Destaca as actividades en que son necesarias a reflexión ou a análise, así como a obtención de conclusións.




É o sombreiro da creatividade. Destaca as propostas en que se pon en xogo a imaxinación e se demandan ideas orixinais por parte do alumnado.




É o sombreiro das emocións. Acompaña actividades e propostas en que se traballa a competencia emocional: expresión e xestión dos sentimentos propios, empatía, resolución pacífica de conflitos…

# Para o alumnado

## Libros e materiais asociados

Cada un dos libros vai acompañado dun elemento de carácter interdisciplinario que permite establecer unha vinculación entre todas as áreas.






# Cadernos de práctica







Concibidos para practicar
os contidos traballados
no libro do alumnado
ao longo de cada
trimestre.



# Para o profesorado

## Libro anotado

Edición do libro do alumnado específica para os docentes. Inclúe as solucións das actividades e tamén suxestións e propostas de uso do material da aula e do LibroMedia.






# Libro de recursos

Inclúe a programación das unidades
e algunhas suxestións metodolóxicas.
Ademais, contén un compendio de recursos
para a avaliación e a atención á diversidade.






## Para a aula







Láminas de pensamento visual
para as áreas de Ciencias
da Natureza e Ciencias Sociais.

## Programación didáctica



En formato
Word editable.
Pódese consultar
unha mostra
en Edupack.

# Recursos dixitais

## LibroMedia

Libro dixital multidispositivo con actividades e recursos para todas as unidades didácticas.







**A través de e-vocación pódese acceder a todos os recursos do proxecto en formato dixital.**

## Ferramenta de avaliación

Aval, a nova ferramenta de avaliación de Santillana/Obradoiro, facilítalle ao docente a tarefa de crear exames e cualificar de acordo cos criterios, obxectivos e estándares indicados pola administración educativa, dunha forma sinxela e doada.

Con Aval, cada docente pode crear exames a partir do banco de preguntas que inclúe a ferramenta ou ben engadindo as súas propias preguntas.

O módulo de informes permite obter unha imaxe clara e precisa do avance de cada alumna ou alumno e da clase no seu conxunto.



# ESTRUTURA DA UNIDADE

O libro de **Lingua 1** contén 12 unidades, organizadas en tres trimestres, ademais dunha sección inicial denominada **Comezamos**.

A estrutura de cada unidade didáctica é a seguinte:

## Páxina de apertura


1 Imos ao colexio

**Para resolver**

Unha nena da nosa clase é nova no colexio. Como podemos axudala?

**Para decorar**

BO DÍA!

SABER FACER

Completo un cartel.

19

Cada unidade comeza cunha gran fotografía, próxima á realidade do alumnado, que ilustra o fío condutor de todo o tema.

A sección **Para resolver** presenta unha situación cotiá para a que se formula un problema. A súa resolución implica un traballo de razoamento oral.

Os apartados **Para decorar**, **Para repasar** e **Para inventar** implican os nenos e as nenas na elaboración de carteis e mensaxes que poden atopar no seu contorno.

# Comunicación oral




Esta sección ábrese cunha ilustración que mostra un **escenario**, próximo tamén á realidade cotiá do alumnado, que serve de punto de partida para traballar o vocabulario e outros contidos relacionados.

O traballo coa imaxe desenvólvese mediante a **rutina de pensamento** VEXO, PENSO, PREGÚNTOME. Ao longo das unidades van ir interiorizando esta forma de traballo, en que, primeiro, describen o que ven; despois, comparten a reflexión sobre o que observan e, finalmente, formulan as preguntas que lles suxiren as imaxes.

O **vocabulario temático** que se inclúe na franxa central da dobre páxina vaise utilizar nas diferentes actividades propostas e vai servir para que o alumnado enriqueza o léxico.

O programa de Comunicación oral ten dúas vertentes: **comprender e falar**. Por un lado trabállase, co apoio do CD *Comunicación oral, contos e outros textos*, a comprensión de textos breves relacionados coa lámina inicial, e tamén a discriminación auditiva de fonemas que poden presentar algunha dificultade; por outro, propóñense actividades de expresión oral relacionadas co tema da unidade.

# Competencia lectora




O apartado **Tempo para ler** presenta un **conto tradicional** e, a continuación, unha serie de actividades de **comprensión lectora**. O traballo sobre o conto lévase a cabo mediante a **audición** dunha gravación incluída no CD *Comunicación oral, contos e outros textos*, a lectura do resumo da historia que aparece no libro e a realización das actividades.

A partir do segundo trimestre, xunto coas actividades de comprensión lectora, trabállanse nocións básicas de **vocabulario**, que se recollen en actividades marcadas coa devandita etiqueta. E ao final inclúese tamén un **pequeno teatro** para poñer en práctica a lectura expresiva, o que vai redundar na mellora da competencia lectora.

# Lectoescritura




As letras preséntanse unha e unha seguindo un **método analítico**. En primeiro lugar abórdase o traballo de discriminación auditiva e a descodificación correcta da grafía e, a continuación, a lectura de palabras e oracións, a comprensión e a escritura.

O método de lectoescritura evoluciona, ao longo das unidades e do curso, de acordo co aumento da competencia lingüística do alumnado. Así, durante as cinco primeiras unidades preséntanse todas as letras e os dígrafos, e nas tres seguintes abórdanse os grupos consonánticos.

# Expresión escrita




Ademais das actividades para exercitar o trazo das grafías que se efectúa nas páxinas de lectoescritura, en todas as unidades se inclúen actividades de práctica de escritura en que se atende a mecanismos básicos, como son a **formación de palabras** e **oracións**. A **caligrafía** e o **ditado** tamén teñen o seu espazo nestas páxinas.

De xeito progresivo van aparecendo actividades destinadas á **composición de textos sinxelos** acordes coa idade e coas primeiras nocións ortográficas, en que se presentan contidos relacionados coa **ortografía natural**, co uso das maiúsculas ou cos signos de interrogación.




## Competencia lectora

Ademais do conto tradicional, todas as unidades inclúen outros tipos de textos (gravados tamén no CD *Comunicación oral, contos e outros textos*).

Nas primeiras unidades, esta nova sección de lectura alterna **poemas** e **textos dialogados** breves de temas diversos, que axudarán o alumnado a mellorar a lectura expresiva. Estes textos tamén van acompañados de actividades de comprensión lectora que, no caso dos poemas, traballan, ademais, as características básicas destes tipos de textos de xeito intuitivo.

No último trimestre incorpórase ao apartado un novo tipo textual: os **textos informativos**.




## Estudo da lingua

O libro presenta un programa moi sinxelo de **iniciación gramatical** denominado **Aprendo e practico**.

Nel abórdanse nocións gramaticais básicas mediante actividades que o alumnado poderá levar a cabo poñendo en práctica a súa competencia lingüística.

## Saber facer

Nesta páxina exercítanse os coñecementos adquiridos ao longo da unidade para realizar un **traballo de carácter competencial** estreitamente relacionado coa situación que se presentaba no escenario inicial.

O obxectivo desta sección é aplicar o que aprenderon a unha situación da vida cotiá.



COMPROBO O MEU PROGRESO

1 Que debuxo pintou Lía? Completa con o, a, os, as e marca.

Lía pintou ___ lúa, ___ sapos, ___ monte e ___ papoulas.

2 Por onde pasan? Escolle e completa.

polo monte. pola ponte.

Os nenos pasan ___.

COMO O FIXEN? Colorea, ou.

- Comprendín un conto.
- Separei ben as palabras ao escribir.
- Completei adecuadamente un cartel.

38

# Comprobo o meu progreso

A unidade péchase cunha serie de **actividades de repaso** que teñen un carácter acumulativo, co obxecto de consolidar os contidos traballados.

A sección final, denominada «Como o fixen?», inclúe unha **rúbrica de autoavaliación**, que convida o alumnado a reflexionar sobre o seu progreso dun xeito sinxelo.



COOPERAMOS

Presentamos un compañeiro

1. Formamos equipos de catro membros.
2. En cada grupo, facemos dúas parellas.
3. Cada un pensa tres cousas que lle preguntaría a un compañeiro ou compañeira para coñecelo mellor.

Técnica 1-2-4



4. Comentamos coa nosa parella as preguntas que pensamos e eliximos as tres máis interesantes.
5. Agora xuntámonos con outra parella do equipo e, entre todos, acordamos as tres preguntas definitivas.

Cada un ten que anotar as tres preguntas nun folio e deixar lugar para as respostas que lle dan.

92

4

6. Cada un faille as preguntas a un membro do outro equipo e anota as respostas.



7. Presentamos esa persoa a partir das súas respostas.

Comezamos dicindo o seu nome.



COMO O FIXEMOS? Pinta, ou.

- Puxémonos de acordo para elixir as preguntas.
- Presentamos un compañeiro ou compañeira e mencionamos algúns datos interesantes.

93

# Cooperamos

A última unidade de cada trimestre inclúe a sección **Cooperamos**. Nela proponse unha tarefa de carácter colectivo en que se empregan diferentes **técnicas de traballo cooperativo**: Técnica 1-2-4, Lapis ao centro, Folio xiratorio…

Son propostas sinxelas en que o alumnado vai traballar en distintas agrupacións para conseguir un obxectivo compartido.

Esta dobre páxina acaba cunha reflexión en común sobre o traballo realizado.

# Acabamos o curso




Ao final do libro inclúense varias páxinas de repaso destinadas a reforzar a escritura e tamén as nocións gramaticais e ortográficas que se traballaron ao longo do curso.

# O meu álbum de Lingua

Ao acabar o libro, os nenos e as nenas van recoller neste álbum o máis destacado da súa experiencia ao longo do curso: traballos dos cales se senten orgullosos, situacións en que o pasaron especialmente ben…



# Programación das unidades e banco de recursos

# Unidade 1. Imos ao colexio

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | SABER | SABER FACER |
| COMUNICACIÓN ORAL | | • Reflexión sobre a actitude que cómpre ter cos compañeiros novos.<br>• Descrición oral dunha aula e dos elementos que contén.<br>• Recoñecemento de obxectos a partir dunha descrición oral.<br>• Expresión de indicacións que permiten localizar un obxecto.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen a vogal **e**.<br>• Reflexión sobre o coidado do material escolar. |
| COMPETENCIA LECTORA | | • Lectura e comprensión do cómic *Os dous osos e a sandía*<br>• Lectura e comprensión do poema *Na aula*.<br>• Lectura expresiva de poemas e textos rimados. |
| LECTOESCRITURA | • As letras **s**, **t**, **d** e **n**. | |
| EXPRESIÓN ESCRITA | | • Copiado e escritura de palabras que conteñen as letras coñecidas.<br>• Práctica da caligrafía.<br>• Escritura dun ditado. |
| INICIACIÓN GRAMATICAL | • Concordancia entre artigos e substantivos. | |
| TAREFA COMPETENCIAL | | • Elaboración dun cartel para a clase. |
| PENSAMENTO | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| EMOCIÓNS | | • Expresión de preferencias sobre o que lle gusta e o que non lle gusta facer no colexio e recoñecemento dos sentimentos que experimenta. |
| TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO) | | • Intercambio de opinións no grupo-clase. |
| SABER SER / VALORES | • Actitude integradora cos compañeiros novos e respecto polas opinións dos demais.<br>• Reflexión sobre os comportamentos axeitados en contextos determinados.<br>• Coidado do material escolar. | |

### Suxestión de temporalización

A estrutura do libro en doce unidades corresponde a catro unidades por trimestre.
A duración de cada unidade calcúlase entre dúas e tres semanas.

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 1: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 1
    - Programa de ampliación. Unidade 1
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 1: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Imos ao colexio
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Primeiro trimestre. Unidade 1
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**



# Unidade 2. Estamos na casa

## Programación

| CONTIDOS | SABER | SABER FACER |
|---|---|---|
| COMUNICACIÓN ORAL | | • Reflexión sobre a colaboración nos labores da casa.<br>• Comentario das actividades que fai na casa coa familia.<br>• Identificación dun personaxe na lámina.<br>• Presentación dun familiar.<br>• Explicación das instrucións dun xogo de mesa.<br>• Discriminación auditiva de palabras que teñen **o** aberto.<br>• Reflexión colectiva sobre a importancia da familia. |
| COMPETENCIA LECTORA | | • Lectura e comprensión do cómic *Os ratos do sultán*<br>• Lectura e comprensión do texto dialogado *Un montón de fotos de familia.*<br>• Lectura expresiva de textos dialogados. |
| LECTOESCRITURA | • As letras **f**, **r**, **h** e **nh**. | |
| EXPRESIÓN ESCRITA | | • Escritura de palabras e oracións coas grafías coñecidas.<br>• Práctica da caligrafía.<br>• Escritura dun ditado. |
| INICIACIÓN GRAMATICAL | • Concordancia entre artigos indeterminados e substantivos. | |
| TAREFA COMPETENCIAL | | • Redacción do texto dun álbum de fotos. |
| PENSAMENTO | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| CREATIVIDADE | | • Elaboración dun debuxo da propia familia. |
| TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO) | | • Expresión de opinións en grupo.<br>• Lectura dun texto dialogado. |
| SABER SER / VALORES | • Gusto pola orde e pola limpeza.<br>• Valoración da familia e interese pola historia familiar. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 2: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 2
    - Programa de ampliación. Unidade 2
  - Recursos complementarios




## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 2: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Estamos na casa
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Primeiro trimestre. Unidade 2
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 3. Mercando no barrio

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Comentario sobre os produtos que se venden nunha panadaría.<br>• Identificación dunha persoa da lámina.<br>• Petición dun produto da panadaría usando as fórmulas de cortesía habituais.<br>• Discriminación auditiva de palabras que levan **e** aberto.<br>• Reflexión colectiva sobre os hábitos axeitados para levar unha alimentación sa. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do cómic *A pita Lina*.<br>• Lectura e comprensión do poema *O paraugas do pirata*.<br>• Lectura expresiva de poemas e textos rimados. |
| **LECTOESCRITURA** | • As letras **c**/**qu**, **r** (son suave) e **g**/**gu**. | |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Escritura de palabras e oracións que conteñen as letras coñecidas.<br>• Práctica da caligrafía.<br>• Escritura dun ditado. |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • O substantivo. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Redacción dunha nota de encarga. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **CREATIVIDADE** | | • Elaboración dun debuxo en que o pirata Caralonga empregue o paraugas como pau de golf. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (PARELLA E GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo. |
| **SABER SER / VALORES** | • Coidado e limpeza dos espazos públicos.<br>• Educación nas interaccións persoais.<br>• Interese por levar unha alimentación sa. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos. Unidade 3: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 3
    - Programa de ampliación. Unidade 3
  - Recursos complementarios




## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 3: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Mercando no barrio
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Primeiro trimestre. Unidade 3
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 4. **Imos ao aeroporto**

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Comentario de experiencias persoais e de preferencias relacionadas coas viaxes.<br>• Descrición oral dun aeroporto.<br>• Recoñecemento de números a partir dunha audición.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen o son R forte.<br>• Reflexión colectiva sobre a importancia de respectar os sinais. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do cómic *O vello farol*.<br>• Lectura e comprensión do texto dialogado *Perdido no aeroporto*.<br>• Lectura expresiva de textos dialogados. |
| **LECTOESCRITURA** | • As letras **b**, **v**, **z**/**c** e **x**. | |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Completamento de rótulos.<br>• Práctica da caligrafía.<br>• Escritura dun ditado. |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • O adxectivo. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Interpretación de sinais. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **EMOCIÓNS** | | • Expresión da emoción que provoca perderse. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (PARELLA E GRUPO)** | | • Intercambio de opinións en grupo.<br>• Elaboración dun cuestionario, entrevista a un compañeiro ou a unha compañeira e presentación posterior desta persoa ao grupo. |
| **SABER SER / VALORES** | • Respecto polas indicacións dos sinais.<br>• Autoestima e superación persoal.<br>• Interese polas mostras de gratitude.<br>• Valoración do traballo en equipo. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 4: controis B e A
    - Avaliación trimestral.
      Controis B, A e E
    - Avaliación por competencias.
      Primeiro trimestre
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 4
    - Programa de ampliación. Unidade 4
  - Recursos complementarios




## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 4: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Imos ao aeroporto
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Primeiro trimestre. Unidade 4
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 5. **De celebración!**

## Programación

| CONTIDOS | SABER | SABER FACER |
|---|---|---|
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Descrición oral dunha celebración familiar.<br>• Identificación e descrición dos cubertos utilizados para poñer a mesa.<br>• Comprensión auditiva de palabras soletreadas.<br>• Reflexión colectiva sobre as normas de comportamento na mesa e sobre as relacións familiares. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do texto *Un cea disparatada*.<br>• Lectura e comprensión do poema *Todos á mesa!*<br>• Lectura expresiva de poemas e textos rimados. |
| **LECTOESCRITURA** | • As letras **ll**, **ñ** e **ch** | |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Escritura de palabras e oracións con todas as letras coñecidas ata o momento.<br>• Práctica da caligrafía.<br>• Escritura dun ditado. |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • Concordancia do substantivo e do adxectivo. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Elaboración dun menú. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo.<br>• Canto colectivo dun poema. |
| **SABER SER / VALORES** | • Respecto cara aos demais nas actividades en grupo.<br>• Interese por colaborar nas tarefas da casa.<br>• Autoestima e superación persoal. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos. Unidade 5: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 5
    - Programa de ampliación. Unidade 5
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 5: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - De celebración!
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Segundo trimestre. Unidade 5
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**



# Unidade 6. **Todos á praia!**

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Comentario sobre as actividades que se poden facer na praia cando é inverno.<br>• Descrición oral dunha praia.<br>• Identificación da palabra de que están falando nunha gravación.<br>• Localización de personaxes na lámina e identificación do que deben dicir segundo a situación en que se atopan.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen o son R suave.<br>• Reflexión colectiva sobre as normas de comportamento na praia e na rúa. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do texto *Unhas probas difíciles*.<br>• Lectura e comprensión do poema *Inverno na praia*.<br>• Lectura expresiva de poemas e textos rimados. |
| **LECTOESCRITURA** | • Os grupos consonánticos **pr**, **pl**, **br** e **bl**. | |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Completamento de palabras cos grupos consonánticos traballados.<br>• Escritura de palabras con R forte e R suave. |
| **ORTOGRAFÍA** | • Palabras con **r**.<br>• Ditado preparado. | |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • Sílabas e palabras. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Descrición dunha paisaxe. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo. |
| **SABER SER / VALORES** | • Coidado do espazo público.<br>• Respecto polos sinais que hai en espazos públicos. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos. Unidade 6: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 6
    - Programa de ampliación. Unidade 6
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 6: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Todos á praia!
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Segundo trimestre. Unidade 6
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**



# Unidade 7. **Vés ao teatro?**

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Elaboración de respostas axeitadas para un comportamento incorrecto nun espectáculo.<br>• Descrición oral dunha escena e comentario de experiencias persoais sobre o tema.<br>• Identificación do título dun conto a partir da escena que se escoita.<br>• Representación de personaxes.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen son K.<br>• Reflexión colectiva sobre as normas de comportamento en espazos públicos. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do texto *Rato de campo e rato de cidade*<br>• Lectura e comprensión do texto dialogado *Un artista vergoñento.*<br>• Lectura expresiva de textos dialogados. |
| **LECTOESCRITURA** | • Os grupos consonánticos **cr**, **cl**, **gr** e **gl**. | |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Completamento de palabras cos grupos consonánticos traballados.<br>• Escritura de palabras con **c** e **qu**. |
| **ORTOGRAFÍA** | • A maiúscula nos nomes propios.<br>• Ditado preparado. | |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • Palabras e oracións. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Elaboración dun horario de actividades. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **EMOCIÓNS** | | • Recoñecemento de cousas que lle dan vergoña e do que fai para superalo. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (PARELLA E GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo.<br>• Lectura dun diálogo coa entoación axeitada. |
| **SABER SER / VALORES** | • Respecto polas normas de convivencia nos espazos públicos.<br>• Valoración e interese polo cine e polo teatro como actividades culturais. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 7: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 7
    - Programa de ampliación. Unidade 7
  - Recursos complementarios




## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 7: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Vés ao teatro?
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Segundo trimestre. Unidade 7
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 8. Un día de chuvia

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Enumeración de actividades que se poden facer na clase cando non se pode saír ao patio.<br>• Conversa sobre a chuvia, os xeitos de protexerse e os sentimentos que causa.<br>• Comprensión dun texto oral sobre o tempo.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen o son Ñ.<br>• Reflexión colectiva sobre a diverxencia de opinións. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do texto *A natureza é sabia*.<br>• Lectura e comprensión do poema *Día de chuvia*.<br>• Lectura expresiva de poemas e textos rimados. |
| **LECTOESCRITURA** | • Os grupos consonánticos **fr**, **fl**, **tr** e **dr**. | |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Completamento de palabras cos grupos consonánticos traballados.<br>• Escritura de palabras con **g** e **gu**. |
| **ORTOGRAFÍA** | • Uso da maiúscula nun escrito.<br>• Ditado preparado. | |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • O substantivo: masculino e feminino. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Redacción dun texto preditivo sobre o tempo. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **CREATIVIDADE** | | • Invención dunha expresión sobre o tempo. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo.<br>• Creación dun personaxe fantástico. |
| **SABER SER / VALORES** | • Manifestación de respecto polas opinións dos demais.<br>• Autoestima e superación persoal.<br>• Valoración do traballo en equipo. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos. Unidade 8: controis B e A
    - Avaliación trimestral. Controis B, A e E
    - Avaliación por competencias. Segundo trimestre
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 8
    - Programa de ampliación. Unidade 8
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 8: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Un día de chuvia
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras




## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Segundo trimestre. Unidade 8
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 9. **Aseámonos ben**

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| COMUNICACIÓN ORAL | | • Razoamento sobre como preguntar polo lavabo nun lugar público a unha persoa descoñecida.<br>• Descrición oral dunha escena no baño.<br>• Identificación do produto anunciado nunha cuña publicitaria.<br>• Expresión de hábitos e recomendacións para ter unha boa hixiene persoal.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen o son X e o son S.<br>• Reflexión colectiva sobre a importancia da hixiene persoal. |
| COMPETENCIA LECTORA | | • Lectura e comprensión do texto *O traxe novo do rei*.<br>• Lectura e comprensión do texto informativo *Un rato moi especial*. |
| EXPRESIÓN ESCRITA | | • Escritura dunha secuencia.<br>• Escritura de palabras con **za**, **zo**, **zu**, **ce** e **ci**. |
| ORTOGRAFÍA | • A diérese.<br>• Ditado preparado. | |
| INICIACIÓN GRAMATICAL | • O substantivo: singular e plural. | |
| TAREFA COMPETENCIAL | | • Redacción de instrucións. |
| PENSAMENTO | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| CREATIVIDADE | | • Elaboración dunha mensaxe de agradecemento. |
| TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO) | | • Expresión de opinións en grupo. |
| SABER SER / VALORES | • Autoestima e superación persoal.<br>• Interese pola hixiene e o coidado persoal.<br>• Valoración da lectura de todo tipo de textos como fonte de gozo persoal e tamén como fonte de información. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 9: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 9
    - Programa de ampliación. Unidade 9
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 9: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Aseámonos ben
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras




## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Terceiro trimestre. Unidade 9
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 10. Cantos animais!

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Enunciación de comportamentos axeitados coas plantas e cos animais do bosque.<br>• Descrición oral dunha escena no bosque.<br>• Identificación de onomatopeas.<br>• Comparación oral de animais.<br>• Discriminación auditiva de palabras.<br>• Reflexión colectiva sobre o respecto polos animais. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do texto *As tres cabras*.<br>• Lectura e comprensión do texto dialogado *De grande quero ser...*<br>• Lectura expresiva de textos dialogados. |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Redacción de titulares para noticias dun xornal.<br>• Práctica da caligrafía. |
| **ORTOGRAFÍA** | • Palabras con **mb** e con **mp**.<br>• Ditado preparado. | |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • O verbo. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Escritura dunha noticia sobre un animal. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (PARELLA E GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo.<br>• Reflexión sobre a profesión que querería ter. |
| **SABER SER / VALORES** | • Respecto cara aos demais nas actividades en grupo.<br>• Respecto polos animais e polo medio natural.<br>• Coidado e limpeza dos espazos naturais.<br>• Valoración de todos os oficios e traballos. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 10: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 10
    - Programa de ampliación. Unidade 10
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 10: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Cantos animais!
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras




## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Terceiro trimestre. Unidade 10
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Unidade 11. Coidamos a horta

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | SABER | SABER FACER |
| COMUNICACIÓN ORAL | | • Posta en común das ferramentas que se precisan para ter unha horta.<br>• Descrición oral dunha escena nunha horta e dunha planta.<br>• Identificación das froitas que se usan e non se usan para facer unha macedonia.<br>• Discriminación auditiva de palabras.<br>• Reflexión colectiva sobre os hábitos de alimentación sa. |
| COMPETENCIA LECTORA | | • Lectura e comprensión do texto *Unha cenoria moi grande*.<br>• Lectura e comprensión do poema *A horta dos avós*.<br>• Lectura expresiva de poemas e textos rimados. |
| EXPRESIÓN ESCRITA | | • Descrición de hortalizas.<br>• Práctica da caligrafía. |
| ORTOGRAFÍA | • Palabras con **br** e **bl**.<br>• Ditado preparado. | |
| INICIACIÓN GRAMATICAL | • O verbo: singular e plural. | |
| TAREFA COMPETENCIAL | | • Elaboración da ficha dunha planta. |
| PENSAMENTO | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| CREATIVIDADE | | • Elaboración dunha ensalada. |
| TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO) | | • Expresión de opinións en grupo. |
| SABER SER / VALORES | • Interese por seguir unha alimentación sa.<br>• Respecto polas plantas.<br>• Valoración dos traballos do campo. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
  - Recursos para a avaliación
    - Avaliación de contidos.
      Unidade 11: controis B e A
  - Atención á diversidade
    - Plan de mellora. Unidade 11
    - Programa de ampliación. Unidade 11
  - Recursos complementarios

## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
  - Unidade 11: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
  - Coidamos a horta
  - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
  - Xogo das letras
  - Dominó ortográfico
  - Dominó de animais
  - Tarxetas de palabras e imaxes
  - Pictogramas
  - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
  - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
  - Terceiro trimestre. Unidade 11
- **Libros de lectura**
  - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
  - *A nave dos libros* 1
  - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
  - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**



# Unidade 12. Visitamos o museo

## Programación

| CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| | **SABER** | **SABER FACER** |
| **COMUNICACIÓN ORAL** | | • Posta en común das ideas previas sobre o contido do Museo de Ciencias Naturais.<br>• Descrición oral dunha escena nun museo.<br>• Recoñecemento da orde dunha secuencia que se escoita.<br>• Formulación de preguntas orais para obter información nun museo.<br>• Discriminación auditiva de palabras que conteñen o son X de *exposición*.<br>• Reflexión colectiva sobre a adquisición de coñecementos novos. |
| **COMPETENCIA LECTORA** | | • Lectura e comprensión do texto *A nena que foi á Lúa*.<br>• Lectura e comprensión do texto informativo *Un fío moi resistente*. |
| **EXPRESIÓN ESCRITA** | | • Explicación dun itinerario.<br>• Práctica da caligrafía. |
| **ORTOGRAFÍA** | • O signo de interrogación.<br>• Ditado preparado. | |
| **INICIACIÓN GRAMATICAL** | • O verbo: presente, pasado e futuro. | |
| **TAREFA COMPETENCIAL** | | • Planificación da visita a un museo. |
| **PENSAMENTO** | | • Interpretación dunha imaxe coa técnica vexo-penso-pregúntome. |
| **EMOCIÓNS** | | • Recoñecemento de situacións que lle causan medo e reflexión sobre como superalas. |
| **TRABALLO COOPERATIVO (GRUPO)** | | • Expresión de opinións en grupo.<br>• Proposta de actividades para o verán. |
| **SABER SER / VALORES** | • Valoración dos museos e de todo o que se expón neles.<br>• Interese por aprender cousas novas.<br>• Autoestima e superación persoal.<br>• Valoración do traballo en equipo. | |

# Banco de recursos

## Material para o profesorado

- **Programación didáctica da aula**
- **Libro anotado**
- **Libro de recursos**
    - Recursos para a avaliación
        - Avaliación de contidos.
          Unidade 12: controis B e A
        - Avaliación trimestral.
          Controis B, A e E
        - Avaliación final.
          Controis B e A
        - Avaliación por competencias.
          Terceiro trimestre
    - Atención á diversidade
        - Plan de mellora. Unidade 12
        - Programa de ampliación. Unidade 12
    - Recursos complementarios




## Recursos dixitais

- **LibroMedia**
    - Unidade 12: actividades e recursos

## Materiais da aula

- **Láminas**
    - Visitamos o museo
    - Abecedario
- **CD Comunicación oral, contos e outros textos**
- **Material manipulable**
    - Xogo das letras
    - Dominó ortográfico
    - Dominó de animais
    - Tarxetas de palabras e imaxes
    - Pictogramas
    - Tarxetas de aprendizaxe de vocabulario
    - A montaña das letras

## Outros materiais

- **Caderno de práctica para o alumnado**
    - Terceiro trimestre. Unidade 12
- **Libros de lectura**
    - *Lequelé* 1. Tarefas de competencia lectora
    - *A nave dos libros* 1
    - *Lecturas de aquí e de acolá* 1
    - Plan lector Oqueleo
- **Novo dicionario da lingua galega**

# Suxestións metodolóxicas e dimensións transversais

# Comunicación oral

## Suxestións metodolóxicas

O nivel de expresión oral das alumnas e dos alumnos pódese avaliar na medida en que elas e eles se poidan comunicar eficazmente en diferentes situacións, sexan quen de escoitar o interlocutor coa actitude axeitada de respecto e atención, e sigan as regras que se utilizan habitualmente nos intercambios comunicativos.

Cando chegan ao colexio, os nenos e as nenas son quen de **producir e interpretar mensaxes orais** adecuadas á súa idade, polo tanto non se trata dunha habilitade en que haxa que partir de cero, como no caso da lectura ou da escritura. Non obstante, o nivel de expresión oral, con frecuencia baixo, con que o alumnado adoita chegar ao colexio fai necesario realizar na clase un traballo continuo que contribúa a desenvolver esta capacidade de forma eficiente.

O libro de Lingua Saber Facer contigo dedica un programa, chamado **Tempo para falar e escoitar**, para desenvolver a capacidade oral do alumnado. Dentro deste programa, e ao longo das doce unidades do libro, inclúense actividades que pretenden fomentar os intercambios comunicativos na aula e mellorar as **habilidades de expresión e de comprensión oral**.

Ao comezo de cada unidade, preséntase unha gran fotografía relacionada cun espazo físico (o colexio, a casa, o teatro, o aeroporto…) ou unha situación habitual para os nenos e as nenas (as celebracións familiares, un día de chuvia…).



Esta imaxe inicial está relacionada co tema que se desenvolve ao longo da unidade, e vai acompañada dunha pregunta introdutoria que formula un problema, sempre a partir dunha situación cotiá. Esta sinxela proposta permite que os alumnos e as alumnas poñan en práctica numerosas habilidades comunicativas, ao tempo que lles axuda a espertar o interese polo tema que se traballa na unidade. Estas cuestións varían ao longo das unidades do libro, de xeito que xeran situacións distintas en que os alumnos e as alumnas terán que **utilizar a linguaxe oral con diferentes propósitos**: informar, expresar sentimentos, convencer…

As dúas páxinas seguintes conforman o apartado **Tempo para falar e escoitar**, dedicado por completo á **práctica da comunicación oral**. Este apartado comeza cunha proposta de traballo baseada no **observación dun escenario**: unha ilustración que presenta o tema de comunicación da unidade. Este escenario tamén está dispoñible nas láminas da aula que ten a caixa do material da aula e servirá de apoio ao traballo que se fai no libro.

A **explotación oral da lámina** realízase mediante unha actividade de adestramento do pensamento (sombreiro de cor azul) que vai seguir sempre un mesmo esquema, para que o alumnado o vaia interiorizando ao longo do curso. Esta actividade lévase a cabo cunha **rutina de pensamento** que pretende que o alumnado interprete a ilustración: *Que vexo? Que penso? Que me pregunto?*




En grupo, os alumnos e as alumnas poderán poñer en común as súas impresións sobre o que ven na lámina, comentar as ideas que lles suxire o que representa e formular preguntas sobre o que pasa, o que ven, os sentimentos que lles provoca… Trátase de que o alumnado tome o control, de que aprenda a **organizar o pensamento** de forma autónoma e de que reflexione sobre o tema que se propón. Convén que, en cada intervención que faga, o alumno ou a alumna comece o exposición dicindo *Vexo...*, *Penso que…* ou *Pregúntome se…*, para automatizar esta rutina de adestramento do pensamento

Esta actividade comunicativa e, ao mesmo tempo, reflexiva, refórzase mediante as preguntas que se formulan a continuación e que teñen como referencia a ilustración que as alumnas e os alumnos comentaron previamente. Estas preguntas pretenden **conectar o que se representa na imaxe coa experiencia vital do alumnado**, facendo que os nenos e as nenas expresen de forma oral información, experiencias, gustos, preferencias, etc., en cuestións habituais e próximas, como as aulas do colexio, os seus gustos a respecto das actividades que fan coa familia, os produtos da horta que coñecen...

Nunha columna destacada inclúese un **vocabulario básico**. Trátase de palabras ilustradas relacionadas co tema da unidade, que os alumnos e as alumnas van poder utilizar nas actividades propostas e que, sen dúbida, favorecerán o seu **enriquecemento léxico**.

A continuación, propóñense actividades de diversos tipos. Algunhas están dirixidas a extraer información sobre as experiencias e os coñecementos previos do alumnado, a expresar sentimentos ou a dar opinións; outras comezan coa **escoita dun audio**, a partir do cal se formulan preguntas de comprensión oral ou de discriminación auditiva de sons; e outras están pensadas especialmente para favorecer a interrelación propia do traballo en equipo ou en parellas.

Os textos que se inclúen no **CD Comunicación oral, contos e outros textos** para este apartado presentan **diferentes situacións comunicativas** con distintos propósitos. As audicións e as preguntas relacionadas van favorecer que os nenos e as nenas **comprendan un texto oral** e falen sobre el. Trátase dun traballo que esixe un exercicio de atención continuada, así como poñer en xogo a memoria auditiva para poder resolver as actividades. Recoméndase escoitar as audicións máis dunha vez, se cómpre.

Nalgunhas actividades, as propostas que se presentan sobre a lámina ou as audicións conectan co **contorno real** dos nenos e das nenas, algo que vai favorecer o seu interese. Tamén se propoñen **tarefas en grupo** pensadas para traballar **os valores**: comentar experiencias, facer suxestións, chegar a acordos… Isto permitirá que o alumnado produza mensaxes orais vinculadas con vivencias, gustos ou necesidades persoais, e favorecerá a implicación nestas tarefas, tanto de forma individual coma colectiva.

Todas as actividades propostas, así coma moitas outras situacións que se creen na aula, pódense aproveitar para traballar cos nenos e coas nenas **cuestións fónicas**, como o control da intensidade con que se fala, a entoación, a articulación correcta de sons…, ou outros aspectos como a xesticulación e a postura corporal.

Para comprobar a evolución do alumnado no desenvolvemento da expresión e da comunicación oral, pódese utilizar unha rúbrica coma esta:

| Intensidade | Entoación | Pronuncia | Contido | Postura corporal |
|---|---|---|---|---|
| Utiliza unha intensidade axeitada durante toda a exposición. | Emprega un ton adecuado á situación comunicativa. | Pronuncia e vocaliza as palabras de forma correcta. | Demostra un bo dominio do tema que expón. | Mantén unha boa postura corporal e mira o auditorio adecuadamente. |
| 1 2 3 4 5 | 1 2 3 4 5 | 1 2 3 4 5 | 1 2 3 4 5 | 1 2 3 4 5 |

O traballo de oralidade proposto no libro do alumnado pódese completar cos elementos que se inclúen na caixa de **material manipulable** para a aula que se proporciona co proxecto. En concreto, o material da aula de Saber Facer contigo para primeiro curso inclúe **pictogramas** para traballar a asociación de palabras e imaxes e crear oracións con estruturas correctas. Estes pictogramas recollen imaxes simbólicas de accións coas que o alumnado poderá realizar unha serie de **actividades de carácter lúdico**.

## Actividades colectivas

Un bo xeito de traballar a comunicación oral é mediante a realización de **actividades colectivas**, xa que a oralidade é unha capacidade que ten como característica principal a interrelación de dúas ou máis persoas. As actividades que se propoñen a continuación permiten exercitar a **escoita atenta**, a **intervención eficaz nas conversas** para conseguir un obxectivo comunicativo, o **uso de normas habituais de comunicación**, etc.

- **Asembleas.** Reunirse en asemblea para solucionar os problemas que poidan xurdir na aula ou para facer propostas é unha boa dinámica de grupo e unha boa práctica para o desenvolvemento da comunicación oral. Durante as asembleas, os nenos e as nenas deben pedir a palabra, respectar a quenda de palabra dos compañeiros e das compañeiras, falar con educación e empregando un ton de voz axeitado, e poñer en práctica todas as habilidades expresivas que adquiriron ao longo do desenvolvemento da súa capacidade de comunicación oral.

- **Continuade vós.** Cando o alumnado vexa un vídeo ou unha película ou escoite un conto, pódense facer algunhas interrupcións e pedirlle á clase que imaxine e anticipe o que vai pasar. Esta actividade resulta especialmente interesante cando as imaxes permiten especular sobre os sentimentos, as reaccións dos personaxes ou as consecuencias das súas accións; por iso é moi recomendable realizala con gravacións que se escollesen con esta finalidade.
- **Realizar unha exposición oral.** Falar na clase sobre un tema preparado previamente é unha actividade que se debe practicar cunha certa asiduidade. Aínda que a algúns alumnos lles pode resultar difícil vencer a timidez, habituarse a facelo fará que lle perdan o medo a intervir en público. Os temas teñen que ser axeitados á idade e aos intereses dos nenos e das nenas; por exemplo, explicar o argumento dalgunha película que visen recentemente ou dalgún libro que lesen, falar sobre algunha fin de semana en que fixesen algo especial, ou ben expoñer información sobre un tema que lles interese…
- **Cambio de papel.** Trátase dunha práctica sinxela para traballar en grupos de tres. Dous alumnos manterán unha conversa; mentres falan, un terceiro decidirá cando lle debe ceder a palabra un ao outro e marcará cada cambio dando palmas. Cada certo tempo, os tres intercambiarán os papeis.
- **A película muda.** Pódeselles propoñer aos alumnos e ás alumnas que inventen diálogos a partir de ilustracións ou fotografías que atopen nos seus libros. Para facelo, deben escoller imaxes en que saian dous personaxes ou máis. Cada alumno ou alumna escollerá un personaxe e, entre todos, prepararán a conversa, antes de representala diante da clase. Esta actividade tamén se pode facer con fragmentos de películas seleccionadas expresamente. Nas suxestións sobre sitios web que se ofrecen en páxinas posteriores pódense atopar algunhas propostas.
- **Gravación dun noticiario.** Esta actividade pódese preparar cara ao final de curso, co propósito de mostrarlles o resultado a outros compañeiros e compañeiras do centro ou aos familiares. Ao longo de varias semanas, os nenos e as nenas, coa axuda dun adulto, gravarán vídeos en que explicarán, coma se se tratase das noticias dun informativo, actividades que fixeron ou cousas importantes que sucedesen na clase ou no colexio.
  O informativo tamén pode incluír anuncios e entrevistas elaboradas por eles.
- **Facemos un teatro.** Preparar e representar diálogos ou pezas teatrais breves na aula resulta unha actividade moi útil para practicar a entoación, a pronuncia e a actitude corporal en diferentes situacións comunicativas. Ademais, permite traballar tamén aspectos non lingüísticos como a creatividade, a memoria e a atención.

# Xogos

- **Adiviña adiviñanza.** Un rapaz ou unha rapaza collerá ao chou unha das tarxetas de imaxes da caixa de material da aula. Despois, sen que ninguén vexa a tarxeta, describiraa para que o resto da clase adiviñe de que se trata. A descrición pódese facer paso a paso, dicindo cada vez unha soa característica para que os demais traten de adiviñar que obxecto ou elemento é.

- **O xogo das cadeiras.** Esta variante do xogo tradicional pódese converter nunha actividade comunicativa. Colocamos as cadeiras da aula de dúas en dúas e pedímoslles aos alumnos e ás alumnas que anden arredor delas mentres soa unha música. Cando a melodía pare, deberán sentar na cadeira máis próxima e comezar unha conversa co compañeiro ou coa compañeira que estea ao seu lado. Gañarán un punto en cada quenda os membros da parella que manteña durante máis tempo a conversa.

- **Vexo vexo.** Para traballar a expresión e a comprensión oral pode ser útil o xogo *Vexo vexo*. Para isto, un alumno ou unha alumna escollerá un obxecto que estea á vista de todos. Os compañeiros e as compañeiras faranlle preguntas que só se poden contestar dicindo «si» ou «non» para adiviñar de que se trata.

- **Pásocha.** Pídalle ao alumnado que forme un círculo (ou dous, se a clase é moi ampla). Un neno de dentro da roda terá unha pelota pequena, formulará unha pregunta e lanzaralla a outro neno ou nena. Esta persoa que reciba a pelota deberá responder a pregunta; despois, fai outra pregunta e lánzalle a pelota a outro compañeiro ou compañeira para que a colla e responda. Para realizar este xogo débense utilizar preguntas que esixan respostas un pouco elaboradas; por exemplo: *Que fixeches a fin de semana? A onde fuches de vacacións o ano pasado e que fixeches? Cal é o teu deporte favorito e por que? Cal é o teu xogo preferido e por que?...* Unha opción para que o xogo resulte máis áxil é apuntar algunhas preguntas no encerado antes de comezar a actividade, para que cada un escolla a que prefira.

# Páxinas web

- En YouTube, facendo buscas como «curtametraxes animadas» ou «animacións para rapaces» pódense atopar vídeos para traballar a anticipación, a narración oral ou a invención de diálogos. Algúns títulos son *Piper; The Present; For the Birds; Ormie the Pig…*

- Se escribimos «imaxes bonitas para primaria» en calquera buscador de Internet, podemos acceder a moitos debuxos a partir dos cales o alumnado pode practicar a descrición oral.

# Transcrición dos audios

## Comezamos

**Pista 1 (actividade inicial)**

A miña curmá Mariña é rubia e moi simpática. Gústanos moito andar na bici ás dúas.



## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 2 (actividade 1)

Está a carón do encerado e enriba da papeleira.

### Pista 3 (actividade 3)

- estoxo
- lentes
- regra



### Pista 4 (conto)

# *Os dous osos e a sandía*

Lolo e Sito eran dous pequenos osos irmáns moi inquedos. Lolo era de cor marrón clara. Sito era de cor marrón escura e tiña unha pequena mancha branca na testa. Sempre andaban corricando dun lado para o outro e buscando enredos. Xogaban cos estalotes, a intentar saltar ben alto… e a moitas outras cousas. Aínda que se levaban ben, a miúdo discutían e tiñan problemas para poñerse de acordo.

Unha tarde, despois da escola, estaban xogando no bosque cando, no camiño que conducía aos prados, atoparon unha fermosa sandía. Debéralle quedar atrás a algún campesiño. Era un froito ben bo: parecía que estaba maduro e que pedía «comédeme, comédeme».

Lolo e Sito emocionáronse. Os dous devecían polas sandías. Pero, de súpeto, puxéronse a discutir.

–Vina eu primeiro! –dixo un.

–Non, vina eu! –engadiu o outro.

–Eu teño moita fame. O anaco máis grande será para min.

–Diso nada! Eu teño máis fame ca ti. O anaco máis grande será meu.

Nese momento decatáronse de que tiñan un problema. Como ían facer unha boa repartición daquela sandía, se nunca se poñían de acordo? Sería mellor buscar alguén que llela partise en dous anacos exactamente iguais.

Lolo e Sito botáronse a andar, ao tempo que empurraban a sandía para que rodase polo chan. E así ían cando se cruzaron co raposo Dositeo, que lles preguntou:

–A onde ides con esa sandía?

–Buscamos alguén que nola divida en dúas partes iguais. Ti serías capaz de facelo?

O raposo viu que tiña alí unha boa ocasión para darlles unha lección a aqueles dous osos egoístas. E, ao mesmo tempo, fartaríase de sandía. Así que aceptou.

–Claro que si. Repártovola eu. Esperade, que vou á casa por un coitelo e unha báscula.

Ao pouco tempo volveu o raposo Dositeo cos dous instrumentos. Colleu o coitelo e, en vez de dividir a sandía pola metade, cortouna de xeito que un dos anacos fose máis grande ca o outro. Puxo cada anaco no prato da báscula para ver se pesaban o mesmo, e comentou:

–Vaia, fóiseme a man. Non cortei ben e saíume un anaco máis grande ca o outro.

E, collendo o anaco maior, quitoulle un bo bocado.

–Pero que fas? –dixo Lolo, preocupado.

–Quítolle un pouco por este lado para que quede igual ca o outro anaco –contestou o raposo, e meteulle aínda dous bocados máis.

De novo volveu pesar as dúas metades e, con cara de desgusto, dixo:

–Vaia, agora é o outro anaco o que quedou máis grande. Teño que quitarlle un chisco por aquí.

E quitoulle un cacho á outra metade da sandía e comeuno. Continuou así, quitándolle anacos a unha metade e despois á outra, mentres os dous osos contemplaban a escena sen saber que dicir. Ata que quedaron só dous pequenos anacos.

Daquela, Lolo e Sito berraron a un tempo:

–Señor raposo, deixe! Deixe xa a repartición! Xa a facemos nós.

Pero o raposo insistiu:

–Non sei… Non sei… Ao mellor non vos poñedes de acordo e acabades pelexando. E non me gustaría que pasase iso. Despois seguro que os vosos pais se enfadan comigo por non axudarvos. De todos os xeitos, para o que queda xa… mellor cómoo eu.

E, en dicindo isto, o raposo chapou os dous anacos que quedaban e marchou. Daquela, Lolo e Sito comprenderon que o raposo os enganara e eles, por egoístas, quedaran sen probar a sandía.

–Se nos puxésemos de acordo, iríanos mellor… e non quedariamos sen a sandía –dixo Lolo.

–Canta razón tes! Fomos ben parvos –contestou Sito, soltando un triste laio–. Volvamos ao camiño a ver se atopamos outra sandía e repartirémola sen pelexas.

Baseado nunha fábula de Esopo



# Unidade 2. Estamos na casa

## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 6 (actividade 1)

–Veña, Antón, tira! A ver que che sae…

–Saíume un cinco! Que sorte! Saco ficha!

### Pista 7 (actividade 3)

moble

- conto
- doces
- porta





### Pista 8 (conto)

## *Os ratos do sultán*

Había unha vez un sultán que tiña un palacio moi grande, con portas grandes, ventás grandes… todo moi, moi grande. O palacio tiña tamén moitos cuartos grandes: uns para a familia e outros para tesouros. Pero o cuarto preferido do sultán era o chamado Salón do Queixo, porque a el gustáballe moito, moitísimo, o queixo. Por iso tiña un salón especial con lacenas, estantes e mesas onde almacenaba saborosos queixos que lle traían de todas as partes do mundo.

Con todo, o sultán non era o único a quen lle gustaba o queixo. Uns ratos moi listos descubriron un burato na parede do Salón do Queixo. Chamaron por outros ratos amigos e entraron no palacio a comer aquel prezado manxar.

Cando o soubo o sultán, aquilo non lle gustou nada. Enfadouse moito, moitísimo, e chamou polo seu conselleiro Masul para pedirlle unha solución:

–Que se pode facer, Masul? Os ratos entran no palacio e comen o meu queixo.

Rapidamente, o conselleiro Masul contestoulle:

–Creo, meu señor, que teño unha solución. Podemos traer moitos gatos para que espanten os ratos.

Daquela o sultán ordenou:

–Pois trae logo moitos gatos que espanten eses larpeiros ratos.

Así ocorreu. En canto os ratos viron os gatos, fuxiron arrepiados. Pero daquela o palacio encheuse de gatos que miañaban día e noite, e noite e día. O sultán e a súa familia apenas podían durmir.

Así que, enfadado e con cara de sono, o sultán chamou polo conselleiro e díxolle:

–Que se pode facer, Masul? Os gatos non paran de miañar e non me deixan descansar.

Rapidamente, o conselleiro contestoulle:

–Creo, señor, que teño a solución. Podemos traer cans a montóns para que espanten os gatos miañóns.

E así ocorreu. En canto viron os cans, os gatos fuxiron arrepiados. Pero daquela o gran palacio encheuse de cans. Ladraban e ouveaban día e noite, e noite e día. De novo, o sultán e mais a súa familia non podían durmir.

Así que, enfadado e con cara de sono, o sultán chamou polo conselleiro unha vez máis e díxolle:

–Que se pode facer, Masul? Os cans non paran de ladrar, non me deixan descansar.

Rapidamente, o conselleiro contestoulle:

–Creo, señor, que teño a solución. Podemos traer uns leóns para que espanten eses cans ouveóns.

E así ocorreu. En canto viron os leóns, os cans fuxiron arrepiados. Pero daquela o sultán e mais a súa familia empezaron a sentir medo daqueles leóns, xa que parecían un pouco feros.

Así que o sultán, enfadado e asustado, chamou polo conselleiro e díxolle:

–Que se pode facer, Masul? Os leóns son animais feros, estamos todos mortos de medo.

Rapidamente, o conselleiro contestoulle:

–Creo, señor, que teño a solución. Traerei elefantes para que os leóns espanten.

E así ocorreu. En canto viron os elefantes, os leóns marcharon do palacio arrepiados. Pero entón empezou a ocorrer algo terrible: aqueles grandes elefantes tropezaban seguido contra os mobles e contra as paredes, e coas súas fortes pisadas facían tremer todo o palacio.

Así que, enfadado e preocupado, o sultán chamou polo conselleiro e díxolle:

–Que se pode facer, Masul? Estes elefantes fan tremer todo o palacio e acabarán por derrubalo.

Rapidamente, o conselleiro contestoulle:

–Creo, señor, que teño a solución. Podemos traer un rato para que espante os elefantes.

O sultán, sorprendido, preguntou:

–Un raaato? Como é posible?

E o conselleiro aclarou:

–Si, si, señor. Os elefantes téñenlle pánico a un ratiño insignificante.

Incrible, amiguiños: aquel sultán e o seu conselleiro Masul tiñan pouco siso e eran algo paspáns. Trouxeron un rato. E os elefantes marcharon. Pero non taparon o burato da parede do palacio. Ese rato chamou por outros ratos… e todo volveu comezar. Ratos, despois gatos, cans, leóns, elefantes… Así unha e outra vez, unha e outra vez. E disque aínda andan hoxe con esa leria a voltas.

Baseado nun conto popular africano



## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 10 (actividade 1)

Está sacando do forno o pan acabado de facer.

### Pista 11 (actividade 3)

mel

paleta • sete • molete





### Pista 12 (conto)

# *A pita Lina*

Había unha vez unha galiña rubia que se chamaba Marcelina, pero todos lle chamaban Lina. Vivía nunha granxa moi grande no medio do campo. Nas cortes había vacas e cabalos e, no cortello, porcos. Lina compartía galiñeiro con outras aves, entre as que estaban un faisán e un parrulo amigos seus.

Un día, a pita Lina andaba a voltas pola eira coma outras veces, escaravellando no chan, e atopou uns poucos grans de trigo. Daquela pensou que, se os sementaba, a planta medraría e podería facer pan para os seus amigos e para ela. Pero aquilo supoñía bastante traballo, así que decidiu preguntarlles ao galo, ao faisán e ao parrulo se lle botaban unha man.

–Mirade, atopei uns grans de trigo. Axudádesme a sementalos?

–Non podo –díxolle o faisán, mentres peiteaba ao sol a súa plumaxe.

–Non podo –díxolle o parrulo, que chapuzaba na auga do seu pequeno estanque.

–Non podo –díxolle o galo, ao tempo que subía ao alto do valo para cantar.

E Lina, a pita rubia, torceu un chisco o peteiro e dixo decidida:

–Pois moi ben, sementareinos eu!

Lina buscou un recuncho axeitado, abriu uns buratiños na terra co seu peteiro, botou as sementes de trigo dentro deles e tapounos.

Ao cabo dun tempo, das sementes naceron unhas plantas que deron unhas fermosas espigas. Entón a galiña Lina preguntoulles aos compañeiros:

–Quen me axuda a segar o trigo?

–Non podo –díxolle o faisán, mentres peiteaba ao sol a súa plumaxe.

–Non podo –díxolle o parrulo, que chapuzaba na auga do seu pequeno estanque.

–Non podo –díxolle o galo, ao tempo que subía ao alto do valo para cantar.

A pita Lina exclamou, torcendo de novo o peteiro.

–Pois moi ben, segareino eu!

E Lina, con moito traballo, cortou un a un os talos das plantiñas de trigo. Cando acabou, pensou que tería que separar os grans da palla e, de novo, preguntoulles aos tres compañeiros:

–Teño que separar o gran da palla. Quen me axuda?

–Non podo –díxolle o faisán, mentres peiteaba ao sol a súa plumaxe.

–Non podo –díxolle o parrulo, que chapuzaba na auga do seu estanque.

–Non podo –díxolle o galo, ao tempo que subía ao alto do valo para cantar.

A galiña empezaba a estar un pouco molesta cos seus amigos, así que separou ela soa o gran da palla. Cando acabou, pensou que tiña que moer o gran. Non lle viría mal a axuda de alguén e volveu preguntar:

–Quen me axuda a levar o trigo ao muíño para moelo?

–Non podo –díxolle o faisán, mentres peiteaba ao sol a súa plumaxe.

–Non podo –díxolle o parrulo, que chapuzaba na auga do seu pequeno estanque.

–Non podo –díxolle o galo, ao tempo que subía ao alto do valo para cantar.

–Moi ben. Levareino eu, moereino eu e despois amasarei eu –contestou Lina, xa moi molesta co comportamento dos seus amigos.

Efectivamente, cando Lina tivo a fariña, fixo con ela unha fermosa bola de pan que coceu no forno da casa. Logo, co pan recendente, acabado de facer, cruzou a eira pasando por diante do galo, do parrulo e do faisán.

–Mirade que bola de pan fixen. É ben grande… Quen me vai axudar a comela?

–Eu podo axudarche –dixo o galo.

–Eu tamén –dixo o parrulo.

–E eu –dixo o faisán.

Pero a pita Lina, sen deterse, contestoulles:

–Síntovolo ben, pero non. Non me botastes unha man antes cando o precisaba. Agora non preciso da vosa axuda. Esta bola habémola comer os meus pitiños e mais eu. Abur!

Iso fixo Lina e os tres folgazáns aprenderon a lección.

Baseado nun conto popular



## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 14 (actividade 1)

–Por favor, podería dicirme a que mostrador teño que ir para voar a Alemaña: ao dous ou ao tres?

–Podo, señor. Os pasaxeiros con destino a Alemaña teñen que ir ao mostrador número dous. O número tres é para os pasaxeiros que van a París.

–Moitas grazas. Adeus.

### Pista 15 (actividade 3)

• roda • carro • viseira • reloxo

### Pista 16 (conto)

## *O vello farol*

Había unha vez un vello farol que levaba unha chea de anos iluminando unha beirarrúa da vila. Cada semana, un traballador do concello pasaba a limparlle o cristal e a comprobar que funcionaba correctamente. Mais, un día, o farol oíulle comentar ao seu coidador:

–Amigo farol, cumpriches ben a túa misión. Mañá serás substituído por outra lámpada máis moderna.

Aquela sería, pois, a última noite que o vello farol enviaría luz á rúa desde o alto. O pobre estaba tristeiro e preocupado. Que ía ser del? Nunca máis daría luz.

Nese momento, o farol empezou a lembrar todo o que vira naquela rúa ao longo dos anos que estivera alí servindo. Lembrábase daqueles dous veciños que marchaban xuntos de madrugada cara aos seus traballos. Lembrábase dos rapaces que ían camiño da parada do autobús nas escuras mañás de inverno, con cariñas de sono e de frío. Lembrábase tamén do varredor que limpaba cada día a beirarrúa e que lle facía cóxegas nos pés ao pasarlle a vasoira ao redor…

Estas e outras lembranzas ían pasando pola mente do vello farol e, de cando en vez, suspiraba:

–Ai, xa non vou alumear máis!



Ao oír esta queixa, un vagalume que pasaba por alí achegouse a el e preguntoulle:

–Podo facer eu o teu traballo?

–Grazas, amigo vagalume, pero a túa luz non sería suficiente para iluminar toda a rúa –aclaroulle o farol ao inocente insecto.

–Tes razón! –dixo o vagalume, e marchou por onde viñera.

O farol seguiu cos seus pensamentos e cos seus suspiros. De súpeto, viu que polo ceo cruzaba unha brillante estrela fugaz co seu ronsel luminoso. Tíñaa visto moitas outras noites.

–Ai, amiga estrela, xa non vou alumear máis! Que vai ser de min?

Daquela, a estrela baixou ata alí co seu brillo. Achegouse ao farol e falou con voz misteriosa:

–Amigo farol, estás de sorte. Vouche facer dous regalos. Aínda que deixes de ser farol, volverás alumear e, ademais, terás un don máxico.

E, en dicindo isto, arrodeou o farol cunha máxica luz. Despois marchou e perdeuse no ceo.

O farol quedou pensativo. Non entendía nada. Cales serían eses dous regalos? Como ía alumear sen ser farol? Cal sería ese don máxico que ía ter?

A mañá chegou axiña e, con ela, os operarios do concello. Desmontárono e, xunto con outros vellos obxectos de ferro, o farol foi parar a unha fábrica. Alí fundiron o seu ferro e, noutras máquinas, déronlle a forma dun sinxelo candeeiro. Xa non tiña forma de farol, agora estaba destinado a soster unha candea.

Ao cabo dun tempo, unha moza mercou o candeeiro nunha tenda e colocouno na mesa do seu escritorio. O farol estaba marabillado: a promesa que lle fixera a estrela cumprírase. Volvía iluminar cando lle colocaban unha candea e a acendían. Pero… e o outro regalo? Cal sería o don máxico que prometera a estrela?

Pouco tardou en descubrilo. Días despois, a moza, que era contadora de contos, acendeu a candea e sentou a ler en alto un dos contos que acababa de escribir. O farol, convertido en candeeiro, descubriu daquela cal era o seu don: coa luz da candea, era capaz de converter en imaxes animadas as palabras da moza. E, coma se dunha película se tratase, o cuarto encheuse de figuras que debuxaban as aventuras do protagonista daquel conto: un mariño que percorría o mundo no seu barco…

Que fabuloso regalo lle fixera a estrela fugaz!

Baseado nun conto de Andersen



# Unidade 5. De celebración!

## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 18 (actividade 1)

É a señora que está de aniversario.
Está sentada na cabeceira da mesa.

Está debaixo dunha cadeira, xogando cunha pelota.

### Pista 19 (actividade 3)

Primeira palabra. ▶ Pe, o, erre.

Segunda palabra. ▶ Eme, o, i, te, o, ese.

Terceira palabra. ▶ A, ene, o, ese.



### Pista 20 (conto)

## *Unha cea disparatada*

Cada ano, cando se achega o aniversario da avoa, María e Martiño prepáranse alegremente para recibir a toda a familia durante unha fin de semana. Limpan a casa de arriba abaixo, tan a fondo que é imposible atopar unha chisca de po aínda que a busques con lupa. Sacan do rocho unha chea de camas pregables e un montón de colchóns inchables, esténdenos por todos os cuartos da casa e deixan enriba deles sabas limpas e mantas ben quentiñas. Ao acabar, dan unha volta polas casas dos veciños para pedirlles todas as mesas e cadeiras que teñan dispoñibles. É que a súa é unha familia moi grande!

Martiño e María teñen dúas fillas, dous fillos, seis netas e dous netos. Martiño sempre di que algún día van organizar un partido de fútbol con todos os rapaces e rapazas... Cando todos poidan xogar á pelota, claro, porque aínda hai algúns con cueiros!

Son tantos, que é moi difícil reunilos a todos á vez. Martiño e María inténtano de cando en vez, pero sempre hai alguén que traballa ou que enfermou, ou que foi de excursión co colexio... Con todo, polo aniversario non falta ninguén. Por iso lles gusta tanto a María e a Martiño celebralo. E non lles importa nada ter que traballar tanto para que a casa estea a punto. De feito, xa lles gustaría que estivese así máis a miúdo!

Esta vez, dous dos netos decidiron convidar a dous membros máis da familia.

–Mirade quen veu este ano! –berrou alegremente Alberte, mostrando nos brazos unha gata de angora de pelo branquísimo e ollos azuis coma o ceo do verán.

–Mirade quen nos acompaña hoxe! –exclamou coa mesma alegría Uxía,

mostrando nos brazos unha cadela rubia que non para quieta.

Toda a familia está entusiasmada.

–Canto tempo sen velos! –berran uns.

–Que bonitos están! –berran outros.

O día pasa entre conversas, risas e moito traballo na cociña. Pola noite, mentres os pequenos xogan na sala, os maiores poñen a mesa no comedor. A cea é magnífica! A mesa está tan chea de cousas saborosas que é difícil decidir por cal comezar...

Cando todo é fame e bo humor arredor da mesa, o gato branco entra no comedor, atraído polo irresistible recendo das gambas.

–Miau, miau... –miaña, lambendo os bigotes. Non lle darán sequera un bocadiño?

Case ao mesmo tempo, a cadela rubia entra tamén no comedor pola outra porta, atraída polo recendo dunhas costeletas.

–Guau, guau! –ladra suavemente para pedir a súa ración.

O gato arquea o lombo; non pensa permitir que a cadela o deixe sen gambas! A cadela ensina os dentes; non pensa consentir que o gato a deixe sen costeletas!

–Miau, miau, marramiau! –miaña o gato.

–Guau–guau, guau–guau! –ladra a cadela.

O gato, axilísimo, sobe á mesa dun chimpo. A cadela, non tan áxil, sobe á mesa agarrándose ao mantel. Das bocas de toda a familia saen berros e exclamacións de espanto.

–Ai, ai, ai! –berran uns.

–Ui, ui, ui! –berran outros.

–Miña naiciña! –xemen os de máis alá.

Alberte e Uxía berran só os nomes dos culpables daquela desfeita.

–Branquiño, para quieto! –ordena Alberte.

–Rubiña, acouga! –ordena Uxía.

O gato e a cadela, sen facer caso das ordes nin das súplicas dos amos, rodan pola mesa coma tolos rompendo pratos, copas e vasos. Cric, crac, catacrac! Pim, pam, pum!

En só cinco minutos, Rubiña e Branquiño deixan o comedor feito un campo de batalla.

Seguro que a familia non esquece facilmente este aniversario da avoa!

Teresa Broseta





## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 22 (actividade 1)

Mira que alto voa aquel papaventos.
Dáche unhas viravoltas moi rápidas.

### Pista 23 (actividade 3)

area

- faro • correa • veleiro



### Pista 24 (conto)

# *Unhas probas difíciles*

Houbo unha vez tres irmáns que unha mañá decidiron marchar da súa aldea para coñecer novas terras e vivir aventuras. Prepararon cadansúa mochila con comida e roupa, e botáronse a andar polo camiño que ía cara ao bosque.

Tempo despois de iniciar a marcha, á beira do camiño atoparon un formigueiro. Os dous irmáns máis vellos propuxeron coller un pau e remexer con el o formigueiro, só para divertirse vendo como corrían asustadas as pobres formigas.

Pero o irmán máis novo, que se chamaba Berto, impedíullelo:

–Deixade as formigas en paz, que non vos fixeron mal ningún.

Seguiron camiñando cara ao interior do bosque e chegaron á beira dun fermoso lago en que había ducias de aves salvaxes: parrulos, garzas… Os dous irmáns máis vellos propuxeron tirarlles pedras só para divertirse espantándoas.

Pero Berto opúxose:

–Deixade as aves en paz, que non vos fixeron mal ningún.

Por último, xa case saíndo do bosque, atoparon unha enorme árbore cunha colmea aloxada no tronco. Tiña tanto mel que este ata escorría por fóra.

Os dous irmáns máis vellos propuxeron prender unha fogueira ao pé da árbore para facer fume, expulsar as abellas e quedar con todo o mel. Pero Berto opúxose:

–Collede o mel que cae por fóra e deixade as abellas en paz, que non vos fixeron mal ningún.

Continuaron camiñando e, cando xa estaba escurecendo, chegaron ás portas dun castelo. Na entrada, un pequeno paxe, sentado nun banco con cara tristeira, deulles a benvida e explicoulles a terrible historia do castelo:

–Hai un ano, unha bruxa botoulles un meigallo ás princesas do castelo. Desde ese día permanecen durmidas. O feitizo só se romperá cando alguén logre superar tres difíciles probas. Se non o consegue, quedará convertido en pedra.



–Pois eu quero intentalo! Cales son esas probas? –preguntou o irmán máis vello.

Daquela o paxe explicoulle:

–A primeira proba consiste en atopar as mil perlas do colar dunha das princesas. Pero están no bosque, ciscadas por debaixo da herba e da carriza. Terás que recollelas todas nun día, antes de que o sol se poña. Se non o fas así, quedarás convertido en pedra.

Á mañá seguinte, Marcelo, o irmán maior, saíu cedo buscar as perlas. Só atopou dez en todo o día e quedou convertido en pedra. Ao día seguinte intentouno Balbino, o irmán mediano, pero só atopou tres e ocorreulle o mesmo.

Así que, ao terceiro día, chegou a quenda de Berto, o máis novo. Este chegou cedo ao lugar onde debían estar as perlas, e púxose a buscar. Pero non atopaba ningunha e sentou nunha pedra a chorar. De repente, viu vir un exército de formigas: cada unha delas portaba unha perla do colar.

Berto volveu ao palacio con todas as perlas e pediulle ao paxe que lle explicase en que consistía a segunda proba.

–Terás que atopar a chave do cuarto das princesas, que está no fondo do lago.

Berto marchou ao lago. En canto o viron, as aves que el defendera días atrás somerxéronse na auga e, ao pouco tempo, un parrulo saíu coa dourada chave no peteiro.

O mozo regresou ao castelo e preguntoulle ao paxe pola terceira proba.

–Esta é quizais a máis difícil de todas. As tres fillas do rei están durmindo no cuarto que abre esta chave. Terás que adiviñar cal das tres acababa de tomar unha cullerada de mel antes de quedar durmida polo feitizo.

Berto foi ata o cuarto e, ao ver as tres princesas durmidas, pensou para si que nunca daría coa solución. Nese momento, pola ventá entrou voando unha abella. Era a raíña daquela colmea que o rapaz protexera.

A abella pousouse sobre unha das mozas. Así, o rapaz puido saber cal das tres tomara o mel. Nada máis tocarlle o cabelo á princesa, rompeu o feitizo e todos volveron ao seu antigo ser.

Desde aquel día, os tres irmáns e as tres princesas, que se fixeron moi amigos, compartiron grandes momentos xuntos.

Baseado nun conto dos Irmáns Grimm

# Unidade 7. Vés ao teatro?

## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 26 (actividade 1)

–Cando a princesa faga quince anos, picarase no dedo coa agulla dun fuso de fiar e morrerá. Así pagaredes o feito de non me convidardes ao bautizo... Ha, ha, ha!

–Non, non, por favor...

–Non sufrades, estimados reis. A princesa non morrerá, senón que caerá nun sono moi profundo durante moitos, moitos anos, ata que un príncipe a esperte.

### Pista 27 (actividade 3)

coroa • princesa • cabalo

### Pista 28 (conto)

## *Rato de campo e rato de cidade*

Unha espléndida mañá de primavera, un rato de cidade foi visitar o seu curmán, que vivía no campo. Os dous ratos déronse unha forte aperta. Despois, o ratiño de campo fixo pasar o curmán ao seu humilde fogar. Alí obsequiouno cunha saborosa comida composta por millo, castañas, améndoas, abelás, trigo...

Mentres comían, o rato de cidade foille contando ao curmán a fabulosa vida que el levaba na cidade. Dicíalle fachendoso:

–Tes que saír de aquí, curmán. Tes que vir vivir á cidade.

Despois de comer, o rato de campo levou o seu elegante invitado a dar un paseo polas leiras de arredor. Probaron deliciosos amorodos, amoras e todo tipo de froitos silvestres. Pero ao visitante parecía que non o impresionaba nada de todo aquilo. El seguía falando do estupenda que era a vida na cidade.



–Tes que vir á cidade. Vas ver que marabilla!

Os dous curmáns volveron á casa, cearon e deitáronse. Á mañá seguinte, o rato de cidade queixouse de que non dera durmido nada. Escoitara toda a noite os bruídos da vaca e os rinchos do cabalo e, ao amencer, o quiquiriquí do galo e o canto dunha chea de paxariños.

–Canto ruído! Eu non che estou afeito a isto.

Aquela mesma tarde o rato de cidade despediuse do seu curmán e emprendeu o camiño de volta á súa casa.

O rato de campo tiña unha grande curiosidade por coñecer as marabillas da cidade. Así que, pasados varios días, decidiu devolverlle a visita ao curmán. Sen pensalo dúas veces, emprendeu o camiño.

Nada máis chegar á cidade, o pobre ratiño tivo que enfrontar unha chea de perigos ata atopar a casa do curmán. Había moitos vehículos e persoas que ían dun lado para outro. Case o atropela un coche e por pouco o esmaga un peón.

Por fin, conseguiu chegar ao seu destino. O curmán recibiuno cos brazos abertos e fíxoo entrar nunha impresionante mansión. O rato de campo estaba abraiado:

–Que barbaridade de casa! Non esaxeraras nada!

–Dáste de conta, curmán? Asegúroche que, despois disto, non has querer volver ao campo. Veña, vamos comer! Debes estar morto de fame!

O rato de cidade levou o seu abraiado convidado ata un enorme salón. Alí, no centro, había unha gran mesa chea de apetitosos e variados manxares: queixos, pan, froitas, doces...

–Oooh! Todo isto é para nós?

–Así é! Veña, a encher o bandullo!

Gabearon ata a mesa. Aquilo prometía ser o banquete máis fabuloso endexamais imaxinado. Pero, nada máis empezar a comer, unha xigantesca sombra proxectouse sobre eles e un sonoro berro de gato resoou en todo o salón.

Os dous ratiños baixaron a escape e, á velocidade do raio, correron perseguidos polo enorme gato.

O rato de cidade berroulle ao curmán:

–Sígueme ata o escondedoiro!

Por sorte, conseguiron alcanzar o burato. Alí dentro estaban a salvo. Como tremían de medo! Fóra oíanse os pasos do gato. Estaba disposto a esperar para pillalos. Pero, transcorridas algunhas horas, o gato cansouse e marchou. Os ratos, por fin, respiraron aliviados. Foi entón cando o rato de campo dixo con decisión:

–Sabes, curmán? Eu non cambio a miña vida sinxela e apracible do campo polos luxos da cidade, cheos de sobresaltos.

Despois diso, despedíronse cunha grande aperta.

Xa de camiño cara á súa aldea, o rato de campo aínda tremía a cada pouco ao lembrar os diversos perigos que ameazaban o seu curmán na cidade. E, cando por fin chegou ao seu tobo e se acomodou no leito de palla para durmir, pensou:

–Non me gustou nada de nada a cidade. Claro que non a todo o mundo lle gustan os mesmos lugares para vivir.

Baseado nunha fábula de Samaniego

## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 30 (actividade 1)

Boa tarde.

Hoxe na localidade de Cabolongo o ceo está nubrado, pero de momento non vai chover. Pola contra, en Ribasol non parou de chover en todo o día e haberá treboadas pola noite.

Seguiremos informando da evolución do tempo nos próximos programas.

### Pista 31 (actividade 3)

Que molladura pillou!

Este chuvasqueiro é vermello.

O gato miáñalle á chuvia.

### Pista 32 (conto)

## *A natureza é sabia*

Unha fermosa mañá, Coque, un pequeno e inquedo coello de monte, afastouse da súa tobeira. Camiñando, camiñando, chegou á beira da lagoa. Alí atopouse co ganso Pancho. Este faloulle, contento de velo:

–Bo día! Que fas por aquí, coelliño Coque?

–Vai un día estupendo. Estou dando un paseo.

–Ah, moi ben! Pois acompáñote. Tamén me apetece pasear.

Os dous animais botaron a andar tranquilamente. De alí a un pouco, chegaron a unha horta. Daquela, o ganso Pancho dixo con admiración:

–Mira que cabazas! Que grandes!

O coello Coque, que ata aquel momento non se fixara nos enormes froitos, contestou sorprendido:

–Si, é certo. Son grandeiras! Mágoa que a min non me gusten as cabazas, se non… que enchente!



–Non, a min tampouco che me gustan. Pero, sabes que estou pensando?

–E logo que estás pensando, ganso Pancho?

–Pois… estaba eu a pensar que… mira que talos tan delgados ten a planta da cabaza. Non che parece raro que uns froitos tan grandes coma as cabazas nazan dunha planta tan pequena?

O coello Coque non sabía que dicir. A verdade, nunca se fixara niso. Nin sequera o pensara. E contestou:

–Pois non cho sei.

O ganso Pancho continuou falando, con xesto pensativo:

–Pois eu creo que uns froitos tan grandes deberían nacer nunha planta máis grande. Que digo nunha planta? Tiñan que nacer nunha árbore! Nunha árbore ben alta. Sería o máis lóxico.

O coello Coque asombrouse da intelixencia do ganso Pancho e exclamou:

–Oooh, claro, claro!

Os dous amigos seguiron camiñando e, pouco despois, pasaron a carón dunha frondosa árbore. Era un enorme carballo e o chan estaba cuberto de landras que caeran das súas pólas.

Entón o ganso Pancho díxolle ao coello:

–Ves? Fíxate no pequenas que son estas landras. Eu creo que as landras, que son froitos moi pequenos, deberían nacer dunha mata pequena, coma a das cabazas, por exemplo. En cambio, as cabazas deberían colgar dunha árbore tan grande coma esta. Sería o máis normal, penso eu.

Xusto nese momento en que acababa de expoñer o seu razoamento, unha landra desprendeuse dunha póla do carballo e… pin!, foi petar no cocote do ganso Pancho, que se queixou coa dor.

–Ai, que dano me fixo!

–Ui, magooute moito esa landra? –preguntou o coello.

–Uf, doeu, si. Xa vai pasando. Foi pouco, pero… molesto.

Daquela, o pequeno coello dixo entre risiñas:

–Pois menos mal que só foi unha landra, porque se chega a ser unha cabaza grande…

–Desde logo… canta razón tes! Sabes que che digo, coello Coque? Creo que as cabazas están ben onde están. Está claro que a natureza é moi lista.

Os dous amigos botaron unha risada e iniciaron o camiño de volta, entoando unha cántiga dedicada ao carballo:

*O carballo da Portela*
*ten a folla revirada*
*que lla revirou o aire*
*nunha noite de xeada.*

Baseado nunha fábula de Esopo



# Unidade 9. Aseámonos ben

## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 34 (actividade 1)



Con Dentilín, mantén os dentes sans e a boca feliz.



### Pista 35 (actividade 3)

• caixa • pixama • liso

### Pista 36 (conto)

## *O traxe novo do rei*

Nun país moi afastado, viviu unha vez un rei moi fachendoso que gastaba a súa fortuna en caras roupaxes. Tiña traxes para distintos momentos do día e encantáballe pasear polo reino lucíndoos.

Certo día presentáronse na vila próxima ao palacio dous homes que dicían tecer unhas teas máxicas. Chegou aos oídos do monarca a fama deses tecedores e mandounos chamar para facerlles un encargo. Eles explicáronlle que, efectivamente, fabricaban unhas teas moi especiais porque só as persoas intelixentes podían velas. Para as persoas parvas resultaban invisibles.

O rei quedou marabillado. Podería ter ao seu alcance uns traxes excelentes. E, ademais, podería descubrir que persoas da corte eran intelixentes e cales non o eran. Inmediatamente, encargoulles un traxe e entregoulles por adiantado moito diñeiro.

Os tecedores, que en realidade eran dous farsantes, pasaban o día diante do tear baleiro finxindo que traballaban.



Foi pasando o tempo e o rei estaba cada vez máis impaciente por ver a tea do seu novo traxe. Por iso, díxolle ao primeiro ministro, que era un dos máis sabios da corte:

–Vai ver como vai a tea do meu novo traxe.

O vello ministro presentouse no obradoiro. Ao ver o tear, abriu os ollos coma pratos e dixo:

–Ai, non vexo nada!

Pero os tecedores pedíronlle que se achegase e simularon que collían a tea na man e que a movían. Ao tempo, explicáronlle detalles sobre os debuxos e as cores que non existían. O pobre home pensou: «Non podo dicir que non vin a tea, porque crerán que son parvo». E respondeu, poñendo as lentes para observar:

–Preciosa! Direille ao rei que é magnífica!

E iso fixo. Repetiulle ao rei as explicacións que lle deran os tecedores e o monarca quedou satisfeito.

Os estafadores pediron entón máis diñeiro, coa escusa de que precisaban mercar máis fíos de seda e de ouro. Pero todos os cartos foron parar ao seu peto.

Mentres tanto, xa empezara a correr pola cidade o rumor de que aquela tea era magnífica.
O rei decidiu ir e comprobalo cos seus propios ollos. Un séquito acompañouno ata o obradoiro. Os dous farsantes simularon que lle mostraban o delicado tecido e sinalaron a tea invisible mentres facían comentarios. O rei e os seus acompañantes non vían nada pero, co medo de que os considerasen parvos, dixeron:

–Oooh, que bonita!

Daquela, o monarca comunicou que luciría o traxe feito con esa tea o día do Gran Desfile.

Durante as xornadas seguintes, os dous xastres finxiron que collían a tea do tear, que a cortaban cunhas grandes tesoiras e que a cosían con agullas en que non se vía o fío.

Por fin, chegou o día do Gran Desfile.
Os xastres acudiron en persoa a vestir o rei. Chegaron con perchas baleiras nas mans, levantando os brazos coma se sostivesen algo. Pedíronlle ao rei que se espise e, despois, con delicadeza, simularon que lle vestían cada unha das pezas do traxe.

–Velaquí os pantalóns… Agora, a camisa… A chaqueta... Estas pezas son tan lixeiras que un ten a sensación de non levar nada.

O rei, perplexo, respondeu:

–Certo, certo...

Incluso fixeron que lle colocaban a capa. Ao rematar, exclamaron:

–Hai que ver que ben lle senta!

Tras mirarse e remirarse no espello para que os presentes cresen que se reflectía nel vestido, o monarca dixo:

–Estou preparado!

Entón saíu do palacio e subiu na carruaxe para percorrer as rúas da vila.

A xente, desde as ventás e desde as beirarrúas, comentaba:

–Que bonito é o novo traxe do rei!

Pero, de súpeto, un neno que contemplaba o desfile con seus pais, exclamou:

–O rei vai espido!

Coma un eco, a frase foi pasando de boca en boca e encheu as rúas. Todos se decataron de que aquel neno inocente dicía a verdade. O monarca comprendeu que fora enganado e, avergoñado, ordenou regresar ao palacio.

Baseado nun conto de Andersen

# Unidade 10. Cantos animais!

**COMUNICACIÓN ORAL**

**Pista 38 (actividade 1)**

- Ladridos de can.
- Chíos de aguia.
- Croar de ra.

**Pista 39 (actividade 3)**

- corzo • porco • corvo

**Pista 40 (conto)**

## *As tres cabras*

Había unha vez tres cabras que vivían ao pé dunha montaña, moi preto dun río caudaloso. Eran tres cabras ben diferentes: unha era grandeira, outra era mediana e a terceira aínda era pequena.

Pasaban o día pacendo pola ladeira da montaña e xa pouco lles quedaba que rillar. Daquela, decidiron que sería ben ir pacer á outra beira do río, pois vían que alá había boa herba.

As tres cabras xa acordaran marchar á outra banda, cando se decataron de que había un pequeno problema. Para cruzar o río debían pasar pola ponte. E a ponte estaba vixiada por un ogro feo e revirado, a quen chamaban Papacabras.

–Sería ben pasar ao outro lado, pero… como imos facer? Para chegar aló temos que cruzar a ponte do Papacabras e o ogro non lle permite a ninguén pasar por ela –dixo a cabra grande.



Aquelas tres cabras eran teimudas, non se daban por vencidas. Así que se puxeron a pensar e axiña argallaron un plan.

A cabra máis pequena foi a primeira en saír cara á ponte, camiñando amodiño. En canto o ogro a viu poñer a pata na primeira táboa, púxoselle diante e berrou:

–Ei, alto aí! A onde vas? Seica non sabes quen son? Voute comer agora mesmo!

Pero a cabriña dixo:

–Ai, non me coma, señor ogro. Sonlle demasiado pequena. Míreme ben, case non teño carne. Espere pola cabra que vén aí atrás polo camiño. Esa tenlle mellor carne.

O ogro quedou pensativo, mirando cara ao camiño, por onde se vía vir ao lonxe outra cabra.

Mentres, a cabra pequena aproveitou para botar unha carreiriña e pasar á outra beira.

Pouco tempo despois, chegou á ponte a cabra mediana. O ogro, relambéndose, dixo:

–Ei, alto aí! A onde vas? Seica non sabes quen son? Voute comer agora mesmo!

A cabra mediana, poñendo cara de pena, contestoulle:

–Ai, non me coma, señor ogro. Non lle vale a pena. Eu só teño pelello e ósos. Espere mellor pola cabra que vén aí atrás. Esa si que lle resultará deliciosa. É moito máis grande ca min e estalle moi ben mantida.

O ogro quedou pensativo, mirando para o camiño. Xa se vía vir a outra cabra, que parecía bastante máis gorda.



A cabra mediana, aproveitando a ocasión, botou unha carreiriña, deu un chimpo e alcanzou a outra beira do río.

De alí a un pouco, chegou a cabra grande. O ogro sentiuse moi satisfeito: pagara a pena esperar, porque esta cabra si que era un bo manxar. Relambéndose, dixo:

–Por fin! Estaba esperando por ti. Voute comer agora mesmo!

Daquela, a cabra grande, con cara de poucos amigos, contestoulle:

–Ai, si? Iso cres ti! Pois eu tráioche unha sorpresa que che ha gustar máis.

Entón a cabra colleu impulso. Lanzouse contra o ogro e turrou nel con tanta forza que saíu despedido por riba da ponte, caeu ao río e marchou coa corrente.

Desde ese día, as tres cabras nunca máis volveron saber do ogro Papacabras. Así, puideron cruzar a ponte sen problemas para comer a herba que medraba en calquera das beiras do río.

E colorín, colorado…
este conto de cabras
queda rematado.

Baseado nun conto popular noruegués

# Unidade 11. Coidamos a horta

## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 42 (actividade 1)

Para facer esta macedonia de froitas empregamos unha pera, un plátano, uns amorodos e o zume de dúas laranxas.



### Pista 43 (actividade 3)

- pexego
- feixón
- chícharo

### Pista 44 (conto)

## *Unha cenoria moi grande*

Todas as primaveras, o avó Fortunato plantaba nunha horta á beira da súa casa unhas poucas cebolas, uns poucos allos, uns tomates, unhas cenorias… O vello pasaba moito tempo coidando as súas hortalizas. Regábaas e arrincáballes as malas herbas para que puidesen medrar con liberdade. Estaba tan orgulloso das súas plantas que incluso lles cantaba e lles falaba con agarimo:

–Medrade, plantiñas da horta. Medrade cenorias, tomates, cebolas... que así, así estaredes máis saborosas.

Unha tarde, cando o avó Fortunato estaba traballando na horta coma de costume, descubriu que a planta dunha cenoria medrara moito máis ca as outras. Tiña unhas follas moi grandes e da terra emerxía unha parte da hortaliza. Xa estaba para arrincar.

O avó Fortunato agarrou a cenoria polas follas e tirou, pero non foi quen de arrincala. Volveu tirar outra vez... e nada. Non había xeito de sacar da terra aquela cenoria, que claramente medrara moito máis ca o resto.



Daquela, o vello chamou pola avoa Xosefa:

–Xosefa, ven á horta axudarme. Hai unha cenoria moi grande que non son capaz de arrincar.

A avoa agarrou o avó Fortunato pola cintura, mentres el suxeitaba as follas da cenoria. Entón tiraron os dous con todas as súas forzas, pero a cenoria non saíu da terra. Só se fixo máis grande aínda. Era, certamente, un caso ben estraño.

A avoa Xosefa chamou pola vaca, que pacía preto da horta, para que lles axudase a tirar pola cenoria.

A vaca agarrou a avoa pola cinta do mandil, a avoa agarrou o avó Fortunato pola cintura e o avó agarrou as follas da cenoria. E así, collidos uns nos outros, tiraron á vez con todas as súas forzas. Pero a cenoria non saía da terra, só se facía cada vez máis grande.

Daquela, a vaca chamou polo porco da casa, que estaba á porta do cortello comendo na maseira, e pediulle que lles axudase a tirar para arrincar a cenoria.

O porco agarrou a vaca polo rabo, a vaca agarrou a avoa polo mandil, a avoa agarrou o avó pola cintura e o avó suxeitou con forza as follas da cenoria. E, todos á vez, tiraron e tiraron, pero non conseguiron arrincar a cenoria, que agora era enorme.

Daquela, o porco avisou o año para que lles axudase a tirar. O año tirou do porco, o porco da vaca, a vaca da avoa e a avoa do avó, que suxeitaba a cenoria polas follas. Tiraron e tiraron, pero non conseguiron arrincala.

Nisto, o año viu un grilo que, ante o balbordo que se escoitaba na horta, asomara a cabeza polo furado da súa galería. O año pediulle:

–Grilo, fainos un favor. Cava debaixo da cenoria e move a terra. A ver se conseguimos que se mova un pouco e podemos arrincala.

O grilo cavou debaixo da cenoria, removeu a terra ao seu redor e despois subiu axudar os demais a tirar. E... á unha, ás dúas e ás tres…. tiraron todos á vez e, finalmente, a cenoria saíu disparada.

Esa mesma noite, o avó, a avoa, a vaca, o porco, o año e o grilo fixeron unha gran cea con aquela cenoria xigante.

E así, celebraron o que conseguiran entre todos. Porque, nas tarefas de equipo, ata a axuda do máis pequeno conta.

Baseado nun conto popular ruso



## COMUNICACIÓN ORAL

### Pista 46 (actividade 1)



Bo día, nenos e nenas. Benvidos ao Museo de Ciencias. A nosa visita de hoxe comezará pola Sala do Mundo Natural, onde poderemos ver esqueletos de dinosauros. Despois, visitaremos a Sala do Universo, onde descubriremos moitas cousas sobre os planetas e as estrelas. E, para acabar, percorreremos a Sala dos Inventos, que seguro que vos sorprenderá. Comezamos? Por favor, seguídeme.

### Pista 47 (actividade 3)

exposición

- galaxia
- excursión
- reflexo
- viaxe



### Pista 48 (conto)

# *A nena que foi á Lúa*

Rosalía foi para a cama á súa hora, coma todas as noites. Aquel día esquecera correr as cortinas da ventá e a brillante luz da Lúa coábase no cuarto. Dáballe xusto na cara e custáballe quedar durmida.

A nena, coa cabeza apoiada na almofada, mirou pensativa cara á Lúa brillante. Pouco a pouco, foille parecendo que tiña ollos, nariz e boca, e que abaneaba amodiño cada vez que unha nube lle pasaba por diante. E dixo baixiño:

–Ai, que fermosa es, Lúa! Como me gustaría subir a xunta ti. Cando sexa grande quero ser astronauta. Hei viaxar ata onde estás! Pero agora teño que durmir, que mañá hai escola…

A nena dicía estas cousas mentres empezaba a notar que os ollos lle pesaban cada vez máis co sono. De súpeto, ocorreu algo sorprendente: a Lúa abriu a boca e faloulle:

–Rosalíaaa, veeen! Sube onda min.

A nena fixo un esforzo por manter os ollos abertos. Viu como a Lúa lle sopraba a unha nube que pasaba por diante, desfacéndoa como se fose po. Aquilo tiña graza. Rosalía sorriu e dixo:

–Pero como vou subir onda ti, Lúa? Estás moi alta!

–Iso non é problema. Mándoche un raio de luar e sobes por el.

En efecto, a nena viu como no seu cuarto entraba un raio que formaba unha especie de escaleira prateada. Saltou da cama e, vestida só co pixama, achegouse a ela para subir.

Mentres ascendía pola escaleira máxica do raio da Lúa, podía ver como as estrelas

brillaban ledas. Foi subindo pouco e pouco, aínda que a tarefa non era nada sinxela, pois por cada chanzo que subía, tiña a sensación de baixar dous. E, a medida que ía subindo, pensaba: «Que aventura! Cando chegue, fareille un aloumiño á Lúa».

A nena estaba moi emocionada. Era como ver un soño cumprido. Ai, cando llelo contase aos compañeiros ao día seguinte! Non llo ían crer!

Pouco despois, estaba xusto á altura da súa amiga Lúa. Era sorprendente verlle a cara tan de preto. Pareceulle que os ollos da Lúa eran coma lagos de auga gris, o nariz coma unha montaña e a boca… coma unha poza! Que cousa tan curiosa!

Daquela, a Lúa díxolle a Rosalía:

–Rosalía, chegaches. Alégrome. Senta na punta da miña curva. Estarás máis cómoda.

Cando Rosalía se sentou na curva da Lúa, pasoulle a man pola pel facéndolle un aloumiño. Brrrr! Que fría estaba a Lúa! A nena sentiu de súpeto un calafrío e espirrou. Tan forte foi o espirro que a Lúa se asustou e deu unha volta. Ao mesmo tempo, a nena perdeu o equilibrio e empezou a caer, a caer…

–Ai, que trompazo vou levaaaar! –berraba.

Sentiuse un forte «pataplún!». Dorida e asustada, a nena comezou a chorar. Entón notou que alguén a recollía do chan, a abrazaba e lle daba un bico. Abriu os ollos, sorprendida. Era seu pai, que acudira rapidamente ao cuarto tras escoitar o ruído.

–Miña rula, caíches da cama!

–Non, papá, caín da Lúa.

–Estabas soñando, filla. A Lúa está moi alta. Como ías subir ata ela?

O que pasa é que quedaches durmida baixo o seu resplandor e iso fixo que soñases con ela. Mellor corremos as cortinas para que non che moleste a luz.

Ao correr a cortina, a Lúa desapareceu da súa vista. Rosalía volveu meterse na cama, engruñouse e mirou para as súas mans. Pareceulle que unha chisca de po brillante de luz de Lúa lle quedara pegada entre os dedos. Pouco e pouco foi quedando durmida, mentres se preguntaba se de verdade chegara a tocar a Lúa.

E ti que cres? Chegaría Rosalía a estar sentada na curva da Lúa?

Baseado nun conto popular inglés



# Competencia lectora

## Suxestións metodolóxicas

A capacidade de **asociar letras e sons** e a **aprendizaxe da lectura** son obxectivos clave neste primeiro curso de primaria e unhas das principais preocupacións dos docentes. Nun período de tempo curto, a lectura vai pasar de ser un obxecto de aprendizaxe por si mesma a ser un vehículo imprescindible para a adquisición doutras aprendizaxes.

Ler consiste en **descodificar e comprender un texto escrito**, e é un feito que está presente en todos os aspectos da nosa vida. Pero **ler é un procedemento moi complexo** que non só abrangue a asociación de letras e sons, senón que comprende moitas outras habilidades de orde superior. O traballo con destrezas como a entoación, a velocidade lectora, o recoñecemento do significado das palabras, a comprensión de oracións e a realización de predicións e inferencias de acordo co coñecemento que se ten do mundo, é necesario para o **desenvolvemento da competencia lectora** do alumnado. O dominio de todos estes aspectos é o que nos converte en lectores e lectoras competentes e determina o éxito do alumnado no ámbito escolar, pero tamén –e de xeito moi decisivo– constitúe un factor clave para conseguir a autonomía persoal.

**Factores que interveñen na competencia lectora:**

| | | |
|---|---|---|
| ENTOACIÓN | INFERENCIAS | SIGNIFICADO |
| PREDICIÓNS | VELOCIDADE | COÑECEMENTO |

Para que os nenos e as nenas completen con éxito a tarefa de converterse en **lectores e lectoras competentes**, o libro do alumnado de SABER FACER CONTIGO inclúe numerosas lecturas. Os textos de carácter narrativo, así como os do apartado **Pequeno teatro** preséntanse no apartado **Tempo para ler**; mentres que os textos poéticos, os dialogados e os informativos trabállanse na sección **Máis tempo para ler**, presente en todas as unidades.

O primeiro destes apartados presenta un **conto** tradicional baseado nunha fábula de Esopo, que foi coidadosamente seleccionado atendendo á idade e ás motivacións do alumnado, co fin de **fomentar o interese pola lectura**. Para levar a cabo o traballo sobre o conto proponse, en primeiro lugar, escoitar a **gravación da historia** que se inclúe no **CD Comunicación oral, contos e outros textos**; continuar despois coa lectura do conto reproducido no libro, que é un resumo do texto oral; e, finalmente, facer as **actividades de comprensión**.

O traballo cos contos pódese facer alternativamente de xeito individual ou colectivo, utilizando diferentes técnicas que favorezan a comprensión lectora. Estas técnicas deben incluír, dun xeito ou doutro, un traballo en tres pasos: antes de ler o conto, durante a lectura e despois da lectura do texto.

- **Antes de ler o conto.** Para preparar a audición e a lectura do conto, nas primeiras unidades pódeselles pedir aos nenos e ás nenas que observen as viñetas e que as comenten imaxinando o que ocorre na historia. En unidades máis avanzadas, en que xa se prescinde do cómic, pode ser interesante que observen e interpreten as ilustracións da páxina e que lean os títulos antes da lectura completa dos contos. Iso vailles permitir **efectuar conxecturas** sobre os personaxes, o que pode ocorrer no conto, o lugar onde debe transcorrer a historia…

- **Audición.** Na audición do conto, pódese poñer a gravación unha primeira vez e detela nalgún momento clave, para que os nenos e as nenas especulen sobre o que pode pasar a continuación e o comenten. Outra opción é escoitar a gravación completa unha primeira vez e, na segunda ocasión, parala varias veces para que o alumnado lembre a historia e explique o que vai pasar inmediatamente despois. No primeiro caso, faise un traballo de anticipación; no segundo, de lembranza e de reconstrución do que xa escoitaron.

- **Lectura.** Na lectura do conto, convén que, ás veces, o profesor ou a profesora faga unha primeira lectura marcando o ritmo e a entoación mentres o alumnado escoita. É conveniente marcar moito a entoación, tanto das preguntas e das exclamacións coma das partes dialogadas dos textos, xa que así o alumnado vai poder ter un modelo para mellorar a **lectura expresiva**. Despois desta primeira lectura, pode pedirlles que fagan unha **lectura en silencio** ou ben unha **lectura en voz alta e en cadea** do conto do libro. Na lectura en voz alta, os nenos e as nenas deben prestar atención á entoación das oracións, ás pausas, a ler en voz alta ou baixa… O docente vai poder corrixir no momento oportuno os erros que aparezan.

Nos textos que compoñen o libro do alumnado hai unha **evolución tipográfica** marcada desde a interpretación de imaxes con breves globos de diálogo nas lecturas do comezo, pasando polos textos en letra ligada, ata chegar á lectura en letra de imprenta na etapa final do curso. Iso vai permitir que o alumnado se familiarice gradualmente cos dous tipos de letra.

- **Actividades de comprensión.** As actividades están centradas en **aspectos clave do texto**, coa finalidade de comprobar se as alumnas e os alumnos o comprenderon de forma global. Progresivamente, proponse a interpretación, reconstrución e reelaboración do que leron. Os tipos de actividades son moi variados e están determinados pola estrutura e polas características do conto que se traballa. Algunhas actividades inciden en aspectos estruturais e de contido, outras analizan os personaxes ou a secuencia das accións, noutras abórdanse as causas que fan que se produzan uns feitos, etc.

Cabe destacar que, a partir do segundo trimestre, se inclúe aquí a sección **Pequeno teatro**, un **texto dialogado**, vinculado ao conto inicial, para ler entre varias alumnas e alumnos de forma dramatizada. Con este tipo de textos procúrase mellorar a lectura expresiva, así como as habilidades relacionadas coa escoita e o traballo cooperativo.




No apartado denominado **Máis tempo para ler**, presente en todas as unidades, inclúense **textos poéticos, dialogados e informativos**. O obxectivo é **desenvolver a competencia lectora** con textos moi variados, traballar a comprensión e **promover intercambios comunicativos** na aula. Os textos elixíronse atendendo á calidade, á adecuación e aos intereses dos nenos e das nenas destas idades.

Tanto os textos coma as actividades que os acompañan pretenden que o alumnado estableza relacións entre a lectura e a súa realidade próxima: facer inferencias, poñer en contexto situacións ou lugares e elaborar textos orais ou escritos propios a partir do que leron. Todo iso, co propósito de convertelos en **bos lectores**.

Na **lectura en voz alta** que fan os nenos e as nenas, convén **prestar atención á entoación e á pronuncia**. Ademais da entoación enunciativa, interrogativa ou exclamativa, é importante que o alumnado aprenda a modular a intensidade da voz, as pausas e a expresividade para axeitalas á lectura. Así, convén que practiquen como se pode modificar a entoación para destacar unha parte especialmente significativa dun texto, ou ben para mostrar o estado de ánimo dun personaxe nun momento determinado da historia. Tamén é recomendable destacar a **puntuación dos textos** e mostrar con exemplos a duración que lle corresponde a cada signo, para que vexan como varía unha oración segundo se fagan as pausas de xeito correcto ou non.

Nos **textos poéticos**, pódeselle insistir ao alumnado en que debe **ler as estrofas de forma expresiva**, marcando o ritmo e a rima. Para que logren a entoación axeitada, pódense facer traballos de lectura específicos como os que se recomendan nas actividades colectivas (recitar o texto, cantalo…). As gravacións do **CD Comunicación oral, contos e outros textos** poden servir de guía.

Os **textos dialogados** ofrecen a oportunidade de facer **lecturas dramatizadas** e por iso son unha ocasión excelente para o traballo colectivo. Nestes tipos de textos é especialmente importante traballar a entoación; xa que logo, convén facer sempre unha lectura previa en voz alta marcando ben as pausas, para que lles sirva de modelo. Tamén se poden escoitar as gravacións destes textos no mesmo CD.

En todos os textos, pero especialmente nos de carácter non narrativo, **as ilustracións** que os acompañan e **os títulos** son dúas boas ferramentas de aproximación para **traballar a anticipación** co alumnado, cousa que beneficiará a comprensión. Débese procurar que, antes de ler, os nenos e as nenas reflexionen sobre o posible tema do texto e que formulen hipóteses sobre o contido.

## Actividades colectivas

Para mellorar a competencia lectora do alumnado pódense realizar na aula algunhas actividades colectivas. As seguintes propostas **permiten exercitar a pronuncia, a entoación, a lectura atenta**, etc.

- **Descodificación de diferentes tipografías.** A variedade tipográfica que hai no libro axudará o alumnado a familiarizarse con diferentes tipos de letra. Para incidir neste aspecto, poden

resultar de grande utilidade os envases de produtos de consumo, os anuncios publicados en diarios e revistas e tamén os textos manuscritos por persoas de diferentes idades.

- **A pronuncia.** Deixando á parte a gheada e o seseo, fenómenos plenamente admitidos na norma, certos sons e grupos consonánticos da nosa lingua poden presentar algún tipo de dificultade no que respecta á súa correcta articulación e dar lugar a erros ortolóxicos.

| **E aberto** | **E pechado** |
|---|---|
| serra, mel, sete, dez, martelo, ferro, cen, herba, pel, berce, terra… | cebra, pera, cesto, mesa, nena, cedo, remo, letra, negro, verde, raqueta… |

| **O aberto** | **O pechado** |
|---|---|
| coche, bolsa, pomba, porta, pota, sorte, ovo… | mona, voda, toxo, foto, fonte, moto, forno, sopa, flor… |

Unha mención especial merécena as vogais medias abertas e pechadas (*e*, *o*). A lingua galega posúe sete vogais en posición tónica e o alumnado pode reproducilas sen dificultade por competencia lingüística; con todo, será oportuno, en ocasións, incidir na pronuncia de termos como:

| | |
|---|---|
| – bóla ('esfera') | – bola (peza de pan) |
| – nó ('lazo') | – no (*en* + *o*) |
| – óso (do corpo) | – oso (animal) |
| – pé ('parte do corpo') | – pe (nome da letra) |
| – présa ('apuro') | – presa ('prendida'; 'encoro') |
| – té ('infusión') | – te (nome da letra) |

Para practicar e reforzar a discriminación do vocalismo tónico do galego, escriba no encerado os exemplos que se ofrecen no lateral, que teñen tónicas as vogais <e> ou <o>; despois, pode lelos en voz alta ou utilizar o *Dicionario de pronuncia da lingua galega* ou o *Dicionario da RAG*, ambos en liña, para que o alumnado conte cun modelo de pronuncia e lle sexa máis fácil comprobar se a pronuncia desas vogais tónicas é aberta ou pechada.

Outro trazo fonético da nosa lingua que pode presentar algún tipo de dificultade para os nenos non galegofalantes é a pronuncia do *n* velar. Practique a pronuncia das formas *unha*, *algunha*, *ningunha*, *dalgunha*… formulando recitados e trabalinguas sinxelos que os alumnos lean e repitan a distintas velocidades; por exemplo:

*Unha vez eran unha nena e unha canada e xa non sei máis nada.*

- **As pausas.** Os signos de puntuación facilitan a lectura. Entre os signos que serven para facer unha pausa –coma, punto, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos–, a coma representa a pausa máis curta. Convén que o alumnado se afaga a respectar estas pausas cando lea en voz alta e que o faga axeitadamente, sen facelas excesivamente longas.

- **A expresividade.** Durante a lectura dos textos, ademais de traballar a entoación de oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas, é interesante que o alumnado practique outros aspectos relacionados coa expresividade. Así, ás veces, será posible modular o ton de voz para berrar ou bisbar, ou para

reflectir un estado de ánimo determinado dos personaxes, como a carraxe, o nerviosismo, o medo, a calma…

- **O acento.** É importante que os nenos e as nenas lean cada palabra pronunciando con maior intensidade a súa sílaba tónica, xa que, en ocasións, facelo de xeito incorrecto pode implicar diferenzas de significado. Escriba no encerado estas palabras para que practiquen:

  – mazá / maza
  – hábito / habito
  – práctico / practico
  – área / area
  – carné / carne
  – círculo / circulo
  – título / titulo
  – público / publico
  – número / numero

  Tamén é interesante que practiquen a pronuncia dalgunhas formas verbais que teñen o pronome persoal átono enclítico:

  – trouxéchesllo – prepáranolo – cóntanolo – saúdaos – déixaa

## Xogos

- **Adiviñas.** Calquera adiviña que sexa adecuada para a idade do alumnado supón un bo exercicio de comprensión lectora, xa que ten que entender o que le e interpretalo correctamente.
- **Seguir instrucións.** Como exercicio de comprensión lectora, pódenselles proporcionar instrucións sinxelas, escritas no encerado ou en tarxetas, para que as realicen de forma inmediata debuxando nunha folla de papel. Pode presentar esta actividade como un xogo. Por exemplo:

  1. Debuxa un cadrado.
  2. Dentro, debuxa un círculo.
  3. Pinta o círculo de vermello.
  4. Pinta de azul o fondo do cadrado.

## Páxinas web

- O blog **Contos para ver e ler** contén unha compilación de contos narrados con imaxes, algúns con actividades LIM asociadas: www.paracantarecontar.blogspot.com.es/search/label/LIM
- A web de difusión da literatura popular infantil de Galicia, **Orella pendella**, contén recitados, ditos, trabalinguas, cancións…: www.orellapendella.gal
- A web de entretemento **Engaleneno** contén unha compilación de contos en galego: www.engaleneno.webnode.es/contos/
- **Galicia Encantada**. Enciclopedia da fantasía popular e tradicional de Galicia. Lendas, contos, mitos, seres e lugares máxicos, encantos, meigas, ánimas e espíritos. https://galiciaencantada.com

# Lectoescritura

## Suxestións metodolóxicas

A aprendizaxe da lectoescritura é un **proceso cognitivo complexo** en que os nenos e as nenas non progresan ao mesmo ritmo nin do xeito, senón que depende dos diferentes graos de madurez, das diferentes intelixencias e dos sistemas perceptivos que hai na aula, polo que cómpre empregar un método que conecte con todos estes factores. Aprender a ler e a escribir require que os alumnos e as alumnas interioricen que a nosa lingua está formada por unha serie de sons que se combinan para formaren sílabas e palabras, e que estes sons teñen unha representación gráfica na linguaxe escrita.

Por outra banda, para a **aprendizaxe da lingua escrita** cómpre un enfoque baseado nas competencias, pero que sexa tamén un tratamento reflexivo e funcional, no cal hai que guiar o alumnado para identificar os signos de escritura e asimilar os significados culturais que transmiten estes signos.

Ademais, observouse que o uso de procedementos metodolóxicos que favorecen a aprendizaxe por descubrimento e unha construción propia dos coñecementos ofrece a posibilidade de obter un éxito máis grande cando a nena ou o neno establece os fundamentos que constitúen o código alfabético da súa lingua.

O **método de lectoescritura** que se ofrece no proxecto SABER FACER CONTIGO ten unha **perspectiva plurimetodolóxica**, na cal se teñen en conta as peculiaridades que se dan no proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita. Por iso, o libro do alumnado presenta as letras atendendo, desde o comezo, tanto á discriminación auditiva dos sons coma á correcta descodificación e comprensión destes, feito que favorece un coñecemento integral da lingua e mellora a competencia lingüística.

Nas unidades 1, 2, 3, 4 e 5 preséntanse todas as letras, en maiúscula e en minúscula e a gran tamaño. Os nenos e as nenas seguirán a direccionalidade correcta do trazo en cada grafía co soporte que se lles proporciona. Así mesmo, ao lado de cada letra, ofrécese a familia de sílabas e palabras que as conteñen antes de pasar á lectura comprensiva de oracións e de textos breves.

Nas unidades 6, 7 e 8 abórdase o traballo cos grupos consonánticos.




Segundo a **psicóloga Sofia Vernon**, especialista nos procesos de adquisición da lectura e da escritura, na ensinanza inicial da linguaxe escrita pódense distinguir **tres grandes enfoques**:

- **A ensinanza directa**, que se fundamenta nunha consciencia fonolóxica previa á aprendizaxe da lectura e está baseada na identificación de sons e na correspondencia entre sons e grafías.
- **A linguaxe integral**, que parte do feito de que a lingua escrita é un medio de comunicación utilizado en diferentes situacións. Por iso, o alumnado aprende con textos reais con propósitos tamén reais.
- **O enfoque construtivista**, que propón situacións guiadas que resultan de interese para o alumnado e favorece a aprendizaxe dos diferentes tipos de unidades lingüísticas.

ENFOQUES DE ADQUISICIÓN DA LINGUAXE ESCRITA

ENSINANZA DIRECTA | LINGUAXE INTEGRAL | ENFOQUE CONSTRUTIVISTA

A serie SABER FACER CONTIGO elaborouse tendo en conta estes tres enfoques, que se desenvolven ao longo do curso académico.

- **A ensinanza directa.** Ao longo do curso, o alumnado adquirirá unha conciencia fonolóxica mediante a aprendizaxe dos sons da lingua e a asociación posterior coa letra correspondente. Para facelo, ofrécense diversas actividades que favorecen o recoñecemento da grafía no contexto dunha palabra, a asociación co son que lle corresponde, a discriminación das familias de sílabas desta letra e a segmentación das palabras estudadas en sílabas.
- **A linguaxe integral.** Nos textos emprégase un léxico habitual para os nenos e as nenas destas idades, que se vai enriquecendo a medida que aumenta a súa competencia lingüística. Así mesmo, propóñense actividades creativas, foméntase a autonomía do alumnado na realización das tarefas e estimúlase o traballo cooperativo.
- **O enfoque construtivista.** As actividades e os traballos propostos sitúanse en ámbitos variados (o colexio, o quiosco, a casa, o teatro, a horta...) para favorecer a motivación do alumnado, aspecto que se considera clave neste enfoque. Deste xeito, os nenos e as nenas irán descubrindo cada ámbito mentres lle atopan un sentido práctico á aprendizaxe da lingua escrita, e todo isto fará que aumente o seu interese. Ademais, moitas das actividades que se propoñen levan o alumnado á construción de unidades lingüísticas con significado, sen darlles máis importancia a unhas ca a outras (palabras, frases e oracións, textos completos).

O material da aula de SABER FACER CONTIGO para este primeiro curso inclúe o **Xogo das letras**, que consta de 30 tarxetas con diversas grafías e gomets para marcalas cando se escoitan, de xeito parecido ao xogo do bingo, e con múltiples variantes de uso tanto polo que respecta ás tarxetas mesmas coma polo que ten que ver coa combinación deste recurso con outros materiais do proxecto, tal como se explica no folleto que acompaña a caixa do material. Este xogo das letras permite desenvolver a conciencia fonolóxica, favorece a reflexión sobre a idea de que hai unha correspondencia entre sons e grafías e tamén a comprensión de que as letras poden estar en maiúscula e en minúscula, e facilita a formación posterior de sílabas e de palabras a partir das letras.

Coa finalidade de traballar o recoñecemento de sílabas, tamén se pode utilizar o **dominó ortográfico** que se inclúe na caixa de material da aula. Trátase dun xogo divertido en que os nenos e as nenas teñen que asociar un debuxo coa sílaba pola que comeza o seu nome ou viceversa.

Despois da presentación das letras, o alumnado será capaz de escribir palabras e oracións sinxelas. Neste momento é cando resulta conveniente traballar a **conciencia semántica** dos

estudantes mostrándolles a correspondencia que hai entre palabras e significados. Con este fin, pódense utilizar as **tarxetas de palabras e imaxes** que se inclúen tamén na caixa de materiais.

O libro do alumnado tamén contribúe á práctica da escritura de palabras e oracións. Ademais, neste Libro de recursos para o profesorado inclúense fichas de mellora e de ampliación que axudarán os nenos e as nenas a traballar as dificultades que adoitan xurdir ao comezo e que reforzan a aprendizaxe da escritura.

## Actividades colectivas

Coa finalidade de afianzar o programa de Lectoescritura, pódense levar a cabo actividades colectivas coma as seguintes.

- **Ao tacto.** Para traballar as letras, pode levar á aula letras dun certo grosor recortadas (mellor se se emprega un papel rugoso) e pedirlles aos alumnos que, cos ollos pechados, traten de identificar de que letra se trata. A continuación, terán que dicir unha palabra que conteña esta letra.
- **Noticias frescas.** Pode pedirlles aos alumnos e ás alumnas que busquen en revistas e xornais as sílabas que están estudando en cada momento. Unha vez recortadas, poderán elaborar murais coas familias de sílabas asociadas a unha letra.
- **A sílaba intrusa.** Escriba no encerado series de palabras cunha sílaba en común (por exemplo, palabras que comecen por *pa*, acabadas en *dade*…) e cun vocábulo que non conteña esta sílaba senón outra diferente, doutra familia ou con outra vogal, segundo o nivel do alumnado. Pídalles aos nenos e ás nenas que, en grupo, identifiquen a palabra que contén a sílaba intrusa.
- **Completa o que escribo.** Un bo xeito de practicar a expresión escrita do alumnado é facer que complete oracións sinxelas. Escriba no encerado algunhas oracións inacabadas para que os nenos e as nenas as copien e as completen libremente.
- **Por signos.** Un alumno ou unha alumna sairá ao encerado e fará mímica para representar unha acción (pódese propoñer un tema concreto, como deportes, profesións, afeccións…). O resto da clase ten que escribir unha oración que inclúa a acción que representou o compañeiro ou a compañeira.
- **Rimas.** Memorizar rimas aliteradas é un bo recurso para traballar e interiorizar os diferentes sons. Os nenos e as nenas poden recitar rimas infantís na aula e dar palmadas cando escoiten o son que se está traballando. En Internet pódese atopar unha gran variedade de rimas apropiadas para levar a cabo esta actividade.

# Xogos

- **Vexo, vexo.** Propoña a vogal ou a consoante dun obxecto que comece por esa letra e que estea á vista dos nenos e das nenas, para que digan o seu nome.

- **É a súa vez.** Forme grupos de catro ou cinco membros e pronuncie unha sílaba en voz alta. Por quendas, cada grupo dirá unha palabra que conteña esa sílaba. Se nunha das quendas un equipo non di ningunha palabra, o resto suma un punto. Pódese poñer un límite para determinar cantas roldas se fan.

- **Palabras cruzadas.** Para este xogo cómpre dispoñer dunha cuadrícula, coma a dos pasatempos, coas casas en branco. Forme grupos de tres ou catro membros e pídalles que, por quendas, escriban unha palabra na cuadrícula. Na primeira quenda, poderase escribir libremente situando unha letra en cada casa; no resto das quendas, haberá que escribir as palabras utilizando algunha das letras dos vocábulos que xa estean escritos sobre a cuadrícula. O xogo acaba cando ningún dos membros do grupo sexa capaz de escribir outra palabra cruzada.

- **Seguindo a pista.** Escóllese un rapaz ou unha rapaza para que busque un obxecto agochado na aula. Os demais compañeiros e compañeiras póñense de acordo para guialo por medio de pistas escritas en notas que irán entregando de forma ordenada. Trátase de facer un percorrido polos colgadoiros da aula, pola mesa do profesor, polo encerado…, ata chegar ao lugar onde se escondeu o obxecto.

# Expresión escrita

## Suxestións metodolóxicas

Durante este primeiro curso, os alumnos iníciase nunha aprendizaxe que resulta clave na etapa de educación primaria: **aprender a escribir**. Os nenos e as nenas comezan coa escritura de letras, sílabas e palabras, feito que supón poñer en práctica os seus coñecementos sobre a correspondencia entre sons e grafías, e teñen que facer, ademais, exercicios de grafomotricidade coa finalidade de ir controlando e mellorando a caligrafía e de gañar claridade na escritura. Así mesmo, de forma progresiva, tamén serán capaces de producir oracións e textos sinxelos.

A escritura é unha tarefa realmente complexa que esixe adquirir e perfeccionar diversas habilidades ao longo do tempo, como conseguir unha **representación gráfica** correcta das letras, aplicar regras básicas de **ortografía** e facer un bo uso da **sintaxe**. Pero tamén hai que ter en conta o contexto en que se produce a situación comunicativa, a adecuación ao lector, a mensaxe que se quere transmitir, a finalidade desta mensaxe, o tipo de texto…

Para lograr con éxito esta tarefa, convén que o alumnado sexa capaz de valorar, desde o comezo e de forma positiva, a importancia de comunicarse por escrito na vida cotiá. Con esta finalidade, o profesorado pode mostrarlles aos nenos e ás nenas os numerosos **exemplos de comunicación escrita** que se producen diariamente (notas, carteis, listas, cartas, invitacións, sinais, descricións, narracións…) e destacarlles que escribimos para informar sobre os feitos que ocorren, para narrar as nosas vivencias, para expresar sentimentos, para describir situacións, obxectos ou lugares…

Cando o alumnado elabore os seus propios textos, cómpre valorar a súa iniciativa, o esforzo para conseguir acabar a tarefa e a creatividade dos escritos que produzan para insistir neste sentimento positivo cara á escritura. Neste sentido, é importante que as tarefas que se propoñen estean moi relacionadas coa vida real dos nenos e das nenas, para poder manter así o seu interese.

Na serie SABER FACER CONTIGO propóñense numerosos traballos de escritura e un programa específico, **Tempo para escribir**, en que o alumnado pode practicar as habilidades de expresión escrita por medio de actividades convenientemente graduadas.

Ademais do traballo realizado no programa de lectoescritura, propóñense, ao longo de diversas unidades, **actividades de caligrafía**, fundamentais para que os nenos e as nenas continúen progresando no control do trazo; así como outros exercicios que implican a formación de palabras a partir de sílabas, ou a creación de oracións a partir de palabras, entre outros. A partir da unidade 6 introdúcese tamén o **traballo coa ortografía**, que inicialmente se centra nas dificultades da ortografía natural e progresivamente vai abordando algunhas **regras ortográficas básicas**, como o uso das maiúsculas, a escritura de *m* antes de *b* e *p*, a escritura de *b* antes de *r* e *l* e os signos de interrogación. O traballo coa ortografía acaba sempre cun **ditado** que vai incrementando tanto a extensión coma o nivel de dificultade.




Ao longo das unidades do libro, o alumnado vai aprendendo varias microhabilidades, é dicir, técnicas sinxelas e concretas encamiñadas a preparar a tarefa final que se leva a cabo no programa **Saber facer**. Nestas tarefas, moi motivadoras pola súa relación con situacións próximas aos intereses das persoas desta idade, proponse a elaboración de textos sinxelos con finalidade comunicativa real, como confeccionar un cartel para a clase, escribir unha nota de encarga, elaborar un horario, dar instrucións, escribir unha noticia… A vinculación destas mensaxes coa vida real sen dúbida vai contribuír ao feito de que as nenas e os nenos se decaten da importancia da escritura en calquera ámbito.

# Actividades colectivas

- **Ficheiro de palabras.** Pode propoñerlles aos nenos e ás nenas que elaboren un ficheiro en que recollan as palabras que vaian aprendendo. Escribirán unha palabra en cada ficha, a súa definición e unha oración en que a utilicen. Nos casos en que sexa posible, poden engadir un debuxo que represente esta palabra.

- **Separo palabras.** Escriba oracións curtas sen espazos entre as palabras. Se o cre conveniente, pode indicar en cada caso cantas palabras forman cada oración. Pídalles aos alumnos e ás alumnas que copien a oración, separando as palabras correctamente.

- **Conto palabras.** Diga unha oración sinxela en voz alta; a continuación, pídalles aos alumnos e ás alumnas que ergan a man e que indiquen cos dedos o número de palabras que ten a oración que escoitaron. Ao acabar, escriba a oración no encerado para que os nenos e as nenas poidan comprobar se o acertaron.

- **Caixa de suxestións.** Un xeito de motivar o alumnado a escribir e a implicarse na marcha da clase é pedirlle que, polo menos unha vez por semana, escriban algunha suxestión para a aula que poida ser interesante para todos. Coloque unha caixa en que vaian depositando as propostas para lelas ao comezo de cada semana ou cando haxa un número significativo de temas que comentar.

- **Escribir diálogos.** Recompile algunhas páxinas de cómics ou de contos con viñetas e tape o texto dos globos. Despois, reparta fotocopias desas páxinas entre os alumnos e pídalles que imaxinen unha historia acorde coas imaxes que teñen e que escriban os diálogos que contarían esa historia coas viñetas de que dispoñen.

- **A mascota.** Elixa un boneco como mascota da clase e organice quendas para que cada venres un alumno ou unha alumna o leve á casa e o teña toda a fin de semana. Nun caderno, a alumna ou o alumno que leve a mascota ten que escribir o que fixo con ela durante ese tempo. Poden engadir fotografías ou debuxos.

- **En cadea.** Forme grupos duns catro membros e escriba nun papel unha oración ou dúas como comezo dunha historia para cada equipo. Pídalles ás alumnas e aos alumnos que vaian pasando o folio, e que escriban nel cadansúa oración. Cando acaben, un membro de cada equipo lerá o que escribiron.

- **Taboleiro de emocións.** Propóñalle ao alumnado a creación dun taboleiro na aula onde cada un poida escribir sobre os seus sentimentos. Así, por exemplo, pódense colgar escritos se alguén perdeu algo que apreciaba moito, se a mascota dalgún neno ou nena ten crías ou está enferma, se alguén está feliz por un motivo concreto…

- **De xornalistas.** Cada certo tempo, propóñalles ás alumnas e aos alumnos que exerzan de xornalistas. Pode ser con motivo dunha festa, dun festival escolar, dunha competición deportiva… A tarefa dos nenos e das nenas será escribir unha noticia que conte o que ocorreu. Propóñalles que elaboren o texto respondendo estas preguntas: *que pasou?*, *a quen?*, *cando?*, *onde?*, *como?* Ao acabar, lerán as noticias en voz alta.

## Xogos

- **Pasapalabra.** Divida a clase en grupos e asígnelles as letras do alfabeto. Unha vez repartidas, os nenos e as nenas teñen que escribir definicións de animais ou cousas que comecen polas letras que lles corresponderon, pero sen dicir de que se trata. Despois, leranas en voz alta e os compañeiros e as compañeiras dos outros grupos teñen que anotar a resposta que lles pareza correcta. Ao final, revelarán a solución e cada participante que acertase gañará un punto.

- **Frío ou quente.** Pode agachar pola aula papeis coas letras do abecedario. De forma aleatoria, propoña unha letra para que a busquen mentres un alumno ou unha alumna sae da clase. Cando os demais atopen a letra, a persoa que estaba fóra volve entrar na aula e ten que localizar a mesma letra seguindo as pistas do resto da clase, que só lle poderán dicir «frío» ou «quente».

# Iniciación gramatical

## Suxestións metodolóxicas

Tal como ocorre coa comunicación oral, os nenos e as nenas que chegan ao colexio teñen a **capacidade de producir e interpretar mensaxes axeitadas** á súa idade que, na súa maior parte, son gramaticalmente correctas. Trátase dunha capacidade que foron adquirindo ao longo da vida e que lles supón unha certa competencia en nocións gramaticais sinxelas.

Con todo, cómpre que **estes coñecementos intuitivos se fixen e se sistematicen** mediante o estudo da forma e da estrutura das palabras, a comprensión do feito de que poden ser de diversos tipos e a observación tanto das combinacións que permite a linguaxe coma da forma correcta de ordenar as palabras nunha oración. Do mesmo xeito, a aprendizaxe das variacións de xénero e número das palabras, a concordancia entre substantivos e adxectivos ou entre suxeito e predicado, a construción de oracións, a clase de palabras que poden acompañar un substantivo ou un verbo determinados, a posición das palabras na oración, etc., lograrán **nenos e nenas competentes para falar e escribir seguindo as normas da lingua**. Así mesmo, cómpre destacar que a presenza deste sinxelo programa constitúe a iniciación ao estudo da lingua tal como se irá desenvolvendo e ampliando, paulatinamente, nos próximos cursos.

Poderiamos dicir que o estudo da gramática desde o comezo da vida escolar proporciona os instrumentos conceptuais e procedementais precisos para poder, con posterioridade, reflexionar de forma consciente e facer desta reflexión a base dun uso axeitado e eficiente da lingua.

Este **coñecemento gramatical** non só está orientado ao uso da lingua ou linguas propias, senón tamén á adquisición doutras linguas. O coñecemento das normas dun idioma favorece a aprendizaxe posterior das regras doutros idiomas, xa que estudar a gramática permite **saber como se articula unha lingua** e, a partir de aí, pódense observar as semellanzas e as diferenzas que hai entre uns idiomas e outros e establecer comparacións.

O libro do alumnado da serie SABER FACER CONTIGO presenta un programa de iniciación ao estudo da lingua denominado **Aprendo e practico**. Nel introdúcense as primeiras nocións gramaticais: os artigos, o substantivo, o adxectivo, o verbo… As alumnas e os alumnos poderán realizar as actividades coa simple observación e aplicando unicamente a competencia lingüística.




## Actividades colectivas

Para favorecer a asimilación dos contidos estudados neste apartado, pódense propoñer actividades colectivas coma as seguintes.

- **Formo oracións.** Antes de iniciar a actividade, pódense elaborar tarxetas con palabras que, ao unir unhas con outras, permitan formar oracións. Repártalle unha tarxeta a cada alumno ou alumna. Pídalles que busquen compañeiros e compañeiras cuxas palabras poidan formar unha oración coa súa. O alumnado poderá facer diversas combinacións para obter oracións diferentes sempre que sexan correctas. Unha vez que varios nenos e nenas consigan formar unha oración, deteña o xogo e pídalles que lean as oracións en voz alta. Tamén se lle pode preguntar ao resto se pode engadir algunha palabra máis das súas tarxetas ás oracións creadas.

- **Cambio a orde.** Coas mesmas tarxetas da actividade anterior, pode propoñerlle á clase que formen oracións novas substituíndo unhas palabras por outras. Non lles resultará difícil cambiar, de forma pertinente, un substantivo ou un verbo para transformar calquera oración.

# As dimensións transversais do proxecto

O proxecto SABER FACER CONTIGO pon especial atención nas capacidades imprescindibles para os futuros cidadáns e cidadás do século XXI. Ao longo das unidades de todas as áreas curriculares inclúense programas destinados a desenvolver estes aspectos, que consideramos dimensións transversais esenciais.

Unha destas dimensións son as **habilidades de comunicación**. En SABER FACER CONTIGO trabállanse a fondo as destrezas comunicativas do alumnado a través de seccións específicas presentes en todas as unidades:

- A sección **Tempo para falar e escoitar** e as actividades destacadas con esta etiqueta promoven a comunicación oral do alumnado. Nelas impúlsase a expresión oral, foméntanse a escoita activa e o respecto ás quendas de palabra e axúdase a tomar conciencia da importancia de respectar as opinións dos demais.
- Na sección **Tempo para ler** trabállanse a competencia lectora, a través da lectura de todo tipo de textos, e a capacidade de análise da información para extraer conclusións persoais.
- Por último, na sección **Tempo para escribir** e nas actividades destacadas con esta etiqueta trabállanse todas as habilidades necesarias para alcanzar un bo dominio da comunicación escrita.

Outra das novidades importantes que incorpora o proxecto SABER FACER CONTIGO é o traballo específico cos **procesos de pensamento**, que teñen o obxectivo de ensinar os nenos e as nenas a razoar dun xeito máis eficaz. Aprender a pensar e a desenvolver o razoamento lóxico, enriquecer a intelixencia emocional e fomentar a creatividade son habilidades que se traballan a través dos sombreiros de cores, inspirados en *Seis sombreiros para pensar*, de Edward de Bono. Este autor utiliza sombreiros de diferentes cores para representar os distintos ángulos, perspectivas ou puntos de vista a partir dos cales se pode abordar unha determinada situación. No noso proxecto destácanse con sombreiros de tres cores as propostas que implican determinados procesos mentais.

As actividades que pretenden adestrar o **pensamento lóxico** acompáñanse dun **sombreiro de cor azul**. Nelas póñense en xogo as estratexias e rutinas que son necesarias para lograr unha aprendizaxe autónoma e eficaz, co obxectivo de que os alumnos e as alumnas adquiran habilidades de pensamento de orde superior: relacionar coñecementos entre si, fortalecer a comprensión, sintetizar as ideas máis importantes e, por último, reter e lembrar a información.

As propostas orientadas ao desenvolvemento da **intelixencia emocional** están destacadas cun **sombreiro de cor vermella**, a cor das emocións. Os seus obxectivos fundamentais son a identificación das emocións, a autoxestión e a regulación emocional, a expresión das emocións e o desenvolvemento das habilidades sociais e interpersoais, prestando especial atención á empatía. Para alcanzalos, propóñense actividades e pequenas dinámicas que promoven o desenvolvemento da competencia emocional en todas as súas vertentes.

Por último, pero non menos importante, convídase o alumnado a facer uso da súa **creatividade** para xerar novos pensamentos. A creatividade implica ter unha imaxinación viva, capaz de adaptarse a diferentes contextos e de dar respostas enxeñosas a situacións ou problemas inesperados. As propostas que se inclúen no libro, destacadas cun **sombreiro de cor verde**, implican poñer en xogo a imaxinación, recrear situacións de forma orixinal, realizar propostas innovadoras, analizar posibilidades e propoñer solucións alternativas.

Outra dimensión que adquire unha grande importancia no proxecto SABER FACER CONTIGO é a **aprendizaxe cooperativa**, que promove que os alumnos e as alumnas desenvolvan a súa capacidade de traballar xuntos para alcanzaren un obxectivo común. O traballo cooperativo supón un importante factor de motivación e mellora tamén o rendemento e a aprendizaxe do alumnado. Para que o traballo cooperativo sexa eficaz, débense dar estes requisitos:

- Que exista un obxectivo común, compartido por todos os membros do grupo, e un status de igualdade entre eles.
- Que haxa unha relación de dependencia positiva entre os alumnos e as alumnas.
- Que existan actitudes de cooperación e axuda mutua, así como un vínculo afectivo.

Nos materiais do proxecto realízanse numerosas propostas de actividades cooperativas que requiren diferentes niveis de agrupamento: traballo por parellas, traballo en equipo

e traballo en grupo-clase. Ademais, ao acabar cada trimestre, inclúese un pequeno proxecto, denominado *Cooperamos*, en que se pon en xogo unha técnica de aprendizaxe cooperativa concreta.

En SABER FACER CONTIGO tamén se presta atención á **revisión e autoavaliación do traballo** realizado. O alumnado debe ter un papel activo no proceso de ensinanza e, por tanto, promóvese, desde as idades máis temperás, a reflexión persoal sobre a propia aprendizaxe para mellorar o coñecemento de si mesmos e detectar fortalezas e debilidades. Por isto, inclúense en todas as unidades sinxelas rúbricas encamiñadas a que os alumnos e as alumnas tomen conciencia do que están aprendendo e avalíen o traballo que realizaron.

Para finalizar, outra dimensión importante en SABER FACER CONTIGO é a **gamificación**, un método que busca motivar o alumnado a través da mecánica dos xogos activando a súa concentración, o seu esforzo e a súa curiosidade, grandes pancas da aprendizaxe. Este método facilita a interiorización de coñecementos e simplifica e fai máis amenas as actividades difíciles. Ademais, fomenta o compañeirismo e a comunicación e, en consecuencia, xera experiencias positivas entre os estudantes.

O material que os alumnos e as alumnas necesitan para levar a cabo o xogo que se propón no proxecto proporciónase xunto ao libro de Matemáticas, aínda que a nosa pretensión é que a gamificación alcance o resto de áreas, porque o xogo axudará a transformar a aula, creando un ambiente estimulante e motivador.

# Recursos fotocopiables. Avaliación

# O sistema de avaliación Santillana

O proxecto **Saber Facer contigo** ofrece un amplo conxunto de recursos para facilitar a tarefa do profesorado e responder ás súas necesidades, e atende todos os aspectos da avaliación:

- **Avaliación de contidos.** Probas de control para cada unidade didáctica e probas de avaliación trimestrais e finais para comprobar o nivel de adquisición dos principais conceptos e procedementos.
- **Avaliación por competencias.** Probas trimestrais integradas que avalíen o grao de adquisición das competencias.
- **Xerador de probas de avaliación.** Ferramenta informática que permite elaborar probas de avaliación personalizadas mediante a selección de actividades a través dun sistema de filtros. Tamén lle permite ao profesorado editar e modificar as actividades e mesmo incluír outros exercicios de elaboración propia.
- **Xestor de avaliación.** Aplicación informática que está conectada a un xestor de programación e que facilita elaborar probas de avaliación e levar un rexistro detallado das cualificacións dos alumnos. Incorpora tamén unha ferramenta que permite elaborar informes de avaliación e gráficos comparativos a partir dos datos do xestor.

# Recursos para a avaliación de contidos

A avaliación de contidos permite controlar o proceso de ensinanza e aprendizaxe efectuando unha comprobación permanente do nivel de adquisición dos contidos. Como soporte para facilitar esta tarefa, ofrécense os seguintes recursos:

1. **Avaliación inicial.** Proba destinada a facer unha valoración da situación de partida dos estudantes ao inicio do curso.

2. **Avaliación das unidades didácticas.** Para cada unidade proporciónanse:

   - **Probas de control.** Ofrécense dúas probas de diferente nivel:
     – Control B. Proba de nivel básico en que se avalíen os contidos mínimos que todo o alumnado ten que adquirir.
     – Control A. Proba de nivel avanzado.
